

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE XUÑO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos traspasados pola Administración Xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2025/26.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural do patrimonio inmaterial a Rapa das Bestas de Sabucedo (A Estrada).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se acorda a extinción da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Ferrol.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de prestación do servizo de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso especial escolar a centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia (expte. DXM-ORD-2025-009), por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria, polo importe de noventa e cinco millóns douscentos dezaseis mil oitocentos vinte e oito euros (95.216.828,00 €) e un valor estimado de douscentos cincuenta e sete millóns oitenta e cinco mil catrocentos trinta e cinco euros con sesenta e un céntimos (257.085.435,61 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán de 2025.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Axencia Galega de Infraestruturas, para a realización das actuacións precisas para a construción dun centro educativo en Navia, polo importe total de dezanove millóns douscentos dezaseis mil douscentos vinte e tres euros con corenta e cinco céntimos (19.216.223,45€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Barreiros para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de catorce mil seiscentos dous euros con cincuenta céntimos (14.602,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Sarria para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e dous mil cincuenta e cinco euros con vinte céntimos (42.055,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en sete centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de trescentos un mil setecentos oitenta e cinco euros (301.785,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento cincuenta e catro mil douscentos dous euros con corenta céntimos (154.202,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento noventa e cinco mil catrocentos setenta e oito euros con oitenta céntimos (195.478,80€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e seis mil setecentos vinte e oito euros (46.728,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Mugardos para a xestión do servizo de comedor escolar en dous centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de sesenta e tres mil oitocentos sesenta e un euros con sesenta céntimos (63.861,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Muíños para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte e dous mil trescentos noventa euros con cincuenta céntimos (22.390,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Sada para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cincuenta e catro mil cincocentos dezaseis euros (54.516,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cento corenta e tres mil novecentos setenta e un euros con oitenta céntimos (143.971,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de douscentos dezanove mil trinta e sete euros con cincuenta céntimos (219.037,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento cinco mil cento trinta e oito euros (105.138,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2025/26 e se procede á súa convocatoria. Importe: corenta e sete millóns noventa e sete mil cincocentos doce euros (47.097.512,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2025 entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento noventa e oito mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (198.353,44€).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia nos concellos de Láncara, Guntín e Ramirás. Importe de licitación: un millón cincocentos noventa e catro mil trescentos vinte euros (1.594.320,00€). Valor estimado: catro millóns seiscentos un mil cincocentos vinte euros (4.601.520,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal das Areeiras da Limia.
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos de carácter plurianual, a exención ás persoas xurídicas da obriga de constitución de garantías, así como a superación das porcentaxes nos pagamentos á conta e anticipados derivados da Resolución pola que se regula o programa Fogar vivo e se establecen as bases reguladoras das súas axudas, se regula o procedemento para obter a condición de concello colaborador, se establece o réxime transitorio dos programas de mobilización de vivendas para alugamento e se procede á convocatoria das axudas do programa Fogar vivo para o ano 2025, con financiamento plurianual, cun importe dun millón dezanove mil setecentos sesenta euros (1.019.760,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Vilagarcía de Arousa á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), así como da licitación pola mesma sociedade do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 10 vivendas de promoción pública (VPP), na parcela 5 do proxecto de compensación da UEI-18 no lugar de Marxión, no concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), por un importe de licitación de cento cinco mil oitocentos corenta e tres euros con dezaseis céntimos (105.843,16€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para a análise de biotoxinas dentro do control oficial de moluscos bivalvos, por importe de cento vinte mil euros (120,000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela para a vixilancia das carrachas e dos mosquitos vectores de enfermidade humana e animal dentro da Rede galega de vixilancia de vectores (Regavivec), por importe de cincocentos corenta e catro mil cincocentos euros (544.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Pantón a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza o inicio do trámite de audiencia e de información pública do anteproxecto de decreto polo que se regulan as condicións, os requisitos e os sistemas de control aplicables aos supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Boimorto para obras de mellora da biblioteca, por importe de cento catorce mil euros (114.000,00€).
- Acordo polo que se crea e cualifica, como centro de interpretación do patrimonio cultural, o denominado Centro de Interpretación da Torre de Hércules.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica no ano 2025, por importe de seiscientos mil euros (600.000,00€), e se autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta que se prevén no referido convenio.
- Acordo polo que se autoriza a realización do pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, en relación co proxecto de Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á mocidade e ao voluntariado, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades no ano 2025, por importe dun millón setecentos mil cincocentos trinta e oito euros (1.700.538,00€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do programa Partbiv, impulsado polo Centro de Investigacións Mariñas, para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións realizadas na xestión e ordenación do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2024 e situación actual das convocadas para o 2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de situación do proxecto piloto Xenoma Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe polo que se dá conta do informe emitido polo Consello Consultivo de Galicia en relación coa transferencia ou traspaso da competencia executiva en materia de autorización de traballo dos estranxeiros cuxa relación laboral se desenvolva en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria para 2025 das axudas destinadas á creación e consolidación das organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á MATRÍCULA GRATUÍTA PARA OS UNIVERSITARIOS POR SEGUNDO CURSO CONSECUTIVO

- Galicia é a única comunidade onde o acceso ao ensino é de balde desde a escola infantil ata obter un título de FP ou universitario
- Logo da experiencia deste ano, impleméntanse melloras como o requisito dun mínimo de 60 créditos matriculados en lugar do de curso completo
- Tamén se inclúen como beneficiarios os estudantes que obteñen diploma nos bacharelatos Internacional e BachiBac, ata o de agora non incluídos
- Así mesmo, conxélanse de novo as taxas dos másteres, os máis baratos do Estado con 11,89€/crédito, 15,22€ menos que a media estatal
- Proximamente tamén se aprobará a gratuidade das taxas para as ensinanzas artísticas superiores, que tamén operou este ano

O Goberno galego dá luz verde á gratuidade da matrícula para os estudos de grao universitario en centros públicos galegos, tanto no caso de novo ingreso como no de continuidade de estudos, para o vindeiro curso 2025/26, co que se consolida así unha medida pioneira e inédita a nivel estatal de apoio ás familias galegas, que se puxo en marcha por primeira vez no curso que acaba de rematar.

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto de prezos públicos a través do cal se implanta a gratuidade das primeiras matrículas de todos os cursos de todos os graos universitarios públicos, así como a conxelación das taxas para quen non cumpran cos requisitos da gratuidade e para os estudos de máster. Proximamente tamén se dará o visto e praxe ao decreto para que esta gratuidade opere tamén para as ensinanzas artísticas superiores (Música, Arte Dramática, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais).

Así pois, de novo no curso 2025/26, as familias cuxos fillos e fillas inicien por primeira vez estudos de grao ou artísticas o próximo mes de setembro non terán que desembolsar ningunha matrícula, o que supón maior facilidade de entrada para todos os estudantes e contribúe á igualdade de oportunidades. Todos os universitarios que xa están no sistema e que aproben van ter asegurada a matrícula gratuítas ao longo de toda a súa carreira universitaria, unha medida de apoio ás familias sen precedentes no conxunto do Estado. O conxunto destas medidas supón un aforro de ata 3.000€ ás familias galegas por cada fillo ao longo de toda a carreira universitaria.

Melloras con respecto ao presente curso

Partindo da experiencia deste curso, que beneficiou arredor de 20.000 persoas entre universitarios e estudantes de artísticas superiores, no decreto aprobado hoxe recóllense unha serie de melloras no que atinxe á bonificación das taxas de grao universitario. A principal novidade é que, a partir de setembro, o requisito para acceder á matrícula gratuítas é estar matriculado en, como mínimo, un total de 60 créditos, e non en curso completo como opera agora. Este cambio supón unha maior flexibilidade para os estudantes, na liña da filosofía do Espazo europeo de educación superior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das novidades é que os estudantes que obteñan diploma nas modalidades de Bacharelato Internacional e Bachibac (o Bacharelato francés) en centros educativos galegos tamén terán acceso á matrícula de balde. Ata o momento estaban excluídos debido a que estes estudantes non se presentan á parte obrigatoria da PAU, outro dos requisitos establecidos.

Polo demais, ao igual que no presente curso, a medida será de aplicación a todos os estudantes de grao matriculados en calquera das tres universidades públicas do Sistema universitario galego (SUG), así como aos estudantes de Ensinanzas Artísticas Superiores (Música, Arte Dramática, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais) en centros públicos galegos, tanto no caso de novo ingreso como no de continuidade de estudos. Tamén será gratuíta para o alumnado do resto dos cursos ata finalizar o grao sempre que aproben a porcentaxe de créditos establecida para cada área de coñecemento.

Para acceder á matrícula gratuíta, no caso dos estudantes de novo ingreso que debutan na Universidade, deberán ter superado a parte obrigatoria da PAU en Galicia na convocatoria de 2025 ou un ciclo superior de FP en calquera centro galego.

Para os estudantes de continuidade (segundo e sucesivos cursos), deberon estar matriculados nun grao nunha universidade pública galega durante o curso anterior (isto é, no actual 2024/25) e ter superados o 90% dos créditos nos graos das áreas de Humanidades e Xurídicas, o 80% dos créditos nos da área da Saúde e o 65% no caso das enxeñarías e graos da área de Ciencias.

Redobrar esforzos no apoio ás familias

Esta medida supón redobrar a aposta da Xunta de Galicia polo apoio ás familias coa gratuidade da educación para o alumnado desde que entra na gardería, na etapa 0-3 anos, ata que remata os seus estudos universitarios ou de FP, ao tempo que se fomenta a cultura do esforzo, premiando o interese, a dedicación e o bo aproveitamento académico.

Cómpre lembrar que Galicia xa leva 14 anos coas matrículas universitarias conxeladas, unha medida mellorada o pasado curso coa gratuidade total para todos os cursos de grao. No caso dos estudos de máster, as taxas vanse manter conxeladas unha vez máis no prezo medio de 11,89€/crédito (a segunda máis barata do Estado tras Canarias), o que supón un importante aforro para as familias. Tamén se mantén a conxelación das taxas de grao en 11,89€/crédito para aqueles estudantes que non cumpran cos requisitos da gratuidade.

Deste xeito, Galicia vai seguir tendo a universidade máis accesible de toda España, coa matrícula de grao gratuíta e os másteres máis baratos do Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DA RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO COMO BEN DE INTERESE CULTURAL

- Concédese este recoñecemento na categoría de patrimonio inmaterial polo seu “valor cultural sobranceiro”, que se mantén desde hai máis de tres séculos
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude culmina así o procedemento iniciado en 2024 para unha “manifestación extraordinaria” nos eidos da cultura e o turismo
- A celebración deste ano, do 4 ao 7 de xullo, suporá a primeira co máximo nivel de protección

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que declara ben de interese cultural a Rapa das Bestas de Sabucedo por considerar acreditado o seu valor sobranceiro como patrimonio inmaterial do pobo galego, ao se tratar dunha das festas máis antigas de Galicia que conta, como mínimo, con tres séculos de historia. Este recoñecemento supón a aplicación de inmediato do réxime de tutela da Lei de patrimonio cultural e, polo tanto, o maior nivel de protección.

Esta declaración, que se suma á de Festa de interese turístico internacional acadada en 2007, chega tras completarse o expediente administrativo, no que constan os dous informes preceptivos dos órganos consultivos favorables a que a manifestación inmaterial sexa declarada ben de interese cultural ao posuír un valor cultural sobranceiro dentro do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, cómpre salientar que no proceso de exposición pública non se rexistrou ningunha alegación contra este recoñecemento.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude culmina a tramitación iniciada en 2024 para darlle esta distinción a unha celebración “extraordinaria, admirada por propios e foráneos, do noso patrimonio cultural e turístico”, que se celebra do 4 ao 7 de xullo na parroquia pontevedresa de Sabucedo, no concello da Estrada. Trátase da manifestación inmaterial máis clara que existe en Galicia da relación ancestral entre uns animais, neste caso cabalos, e os seres humanos, como xa se reflicte nos gravados rupestres que existen preto desta aldea.

A maiores, esta declaración procura tamén ser un recoñecemento das tradicións e dos costumes do mundo rural herdados dos devanceiros, que foron transmitidos de xeración en xeración. Polo tanto, supón un reflexo da apropiación identitaria feita manifestación inmaterial pola veciñanza ao longo destes trescentos anos, “merecentes de se conservaren e seren coñecidos”.

Precisamente, cómpre lembrar que a Rapa das Bestas de Sabucedo, de catro días de duración que dan comezo o primeiro venres do mes de xullo, abrangue nesta denominación unha serie de rituais que se agrupan en tres fases: a misa alborada, a baixada dos cabalos salvaxes do monte e a rapa destes, tamén denominada curro.

O decreto recolle que a rapa dos animais supón a escenificación entre os denominados *aloitadores* e as *bestas*, que require experiencia e valor, á vez que transmite unha espectacularidade que fai que, no día de hoxe, adquirise unha notoriedade que esperta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

interese e presenza nos medios de comunicación galegos, españois e internacionais, así como unha gran concorrencia nesta aldea, que non supera os 60 habitantes durante o resto do ano.

Con esta aprobación xa son 789 os bens de interese cultural existentes en Galicia. Deles 116 foron declarados desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio cultural de 2016, unha cifra que reflicte o importante compromiso do Goberno por protexer, conservar e pór en valor o patrimonio sobranceiro da Comunidade.

Medidas de salvagarda

O decreto aprobado hoxe polo Goberno galego tamén recolle a conveniencia de rexistrar e sistematizar documentos relacionados con este patrimonio para poder ter “unha comprensión máis eficaz e completa”, ao tempo que se empraza a promover a súa difusión.

De igual xeito, estipula como recomendable que se incorpore o seu coñecemento ao ensino tanto formal como non formal. Ao respecto, apúntase que este traballo supón apoiar a transferencia de coñecementos, técnicas e significados para evitar a fosilización da manifestación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS CAMERAIS NA ÁREA DE FERROL CO APOIO DA CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA E A REAPERTURA DE OFICINAS PROPIAS

- Así o permitirá un decreto da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aprobado hoxe no Consello do Executivo autonómico e que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*
- A finais deste verán reabrirán as oficinas camerais no edificio que ocupaba antigamente a Cámara de Comercio de Ferrol e recuperaranse todos os servizos, entre eles, o asesoramento empresarial, formación e o apoio ao emprendemento
- Este espazo funcionará como punto de atención ao empresariado desta zona con servizos adaptados ás súas necesidades, aspecto no que se está a traballar para poñer en marcha accións específicas en beneficio do tecido empresarial
- O Goberno galego reforzará a colaboración coas cámaras de comercio en materia de formación e asesoramento ao comercio local ao abeiro do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 en cuxa elaboración participaron estas entidades
- Ao labor cameral de apoio ao emprendemento súmase o do polo de Ferrol, que asesora de balde as persoas emprendedoras da súa área de influencia, leva atendidos máis de 720 proxectos e contribuíu á creación de preto dun cento de novas empresas

A área de Ferrol recupera os servizos camerais co apoio da Cámara de Comercio da Coruña tras acordáreno a Xunta, o Concello de Ferrol, empresarios e as cámaras de comercio galegas, despois de numerosos contactos neste sentido enmarcados na aposta do Goberno galego en prol da colaboración público-privada. Así o permitirá un decreto da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración aprobado hoxe no Consello da Xunta e que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia* dando continuidade ao acto celebrado hai uns días e no que o Goberno galego, o Concello de Ferrol e a Cámara de Comercio da Coruña anunciaron este feito.

Grazas a isto, en próximas semanas -a finais de verán- reabrirán as oficinas camerais no edificio que ocupaba antigamente a Cámara de Comercio de Ferrol e recuperaranse todos os servizos que ofrece unha cámara. Entre eles, asesoramento empresarial, formación, apoio á internacionalización e acompañamento en proxectos de dixitalización, emprendemento e emprego.

A área de influencia de Ferrol que abarcarán estes servizos camerais comprende, ademais do Concello ferrolán, os municipios de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.

Neste sentido, este espazo funcionará como punto de atención ao empresariado desta zona con servizos adaptados ás súas necesidades, aspecto no que se está a traballar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para poñer en marcha accións específicas e sobre o que se irán coñecendo máis detalles. Isto contribuirá á competitividade do tecido empresarial deste territorio, da provincia da Coruña e de Galicia. No caso da área de Ferrol, destaca a gran vocación de sectores como o naval ou o da distribución de alimentos, entre outros, así como o potencial socioeconómico do porto e do campus universitario.

Reforzo da colaboración coas cámaras de comercio

O papel das cámaras de comercio é clave para o tecido empresarial e comercial e dentro da aposta autonómica para facelo medrar de xeito dinámico e inclusivo, de maneira que xere emprego de calidade e maximice o talento. De aí que estas entidades fosen parte activa na elaboración do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030. Ao abeiro desta folla de ruta en prol da dinamización do comercio de proximidade, o Goberno galego reforzará a colaboración coas cámaras de comercio -como representantes dos intereses xerais deste sector- na execución das actividades de formación e asesoramento ao comercio local.

Pulo ao emprendemento

Dentro dos labores de apoio e asesoramento da Cámara de Comercio da Coruña destaca o ámbito do emprendemento. Unha liña de traballo que se suma ao polo de Ferrol, un dos 15 espazos deste tipo promovidos pola Xunta e espallados por toda Galicia co obxectivo de asesorar dun xeito gratuíto e personalizado as persoas emprendedoras da súa área de influencia. Desde a súa inauguración, en decembro de 2022, o polo ferrolán xa atendeu máis de 720 proxectos e contribuíu á creación de preto dun cento de novas empresas, posicionándose como un motor clave na potenciación económica da súa zona de influencia e na posta en marcha, consolidación ou remuda de iniciativas ligadas ao territorio, viables e sustentables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 12% O ORZAMENTO PARA GARANTIR O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR GRATUÍTO ATA SUPERAR OS 95 M€

- Rueda resalta que haberá case 1.250 vehículos para atender preto de 1.500 rutas escolares que utilizan “máis de 42.000 alumnos”
- Os contratos comezarán en decembro e prolongaranse durante dous anos, con posibilidade de prorrogalos ata sumar un máximo de cinco exercicios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello acordou “incrementar un 12% o orzamento destinado a manter o transporte escolar gratuítu que utilizan a diario máis de 42.000 alumnos”. En concreto, vanse investir máis de 95 millóns de euros na contratación do servizo de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso especial escolar ata 2027.

Con esta contratación continúaase ofertando o servizo licitado en 2021, cuxa vixencia remata este ano. Así, os contratos comezarán en decembro e prolongaranse durante dous anos, con posibilidade de prorrogalos ata sumar un total de cinco exercicios. O valor estimado do servizo ascende a 257 millóns de euros.

O obxectivo é poñer un servizo axeitado que facilita o acceso do alumnado aos centros educativos da comunidade, e que presenta dentro do conxunto do transporte de persoas viaxeiras, unha especial relevancia dada a singularidade dos seus usuarios e usuarias. Préstase aos escolares con dereito a transporte escolar gratuítu como servizo complementario do sistema educativo, isto é, o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do ámbito urbano en que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros.

Trátase dun servizo de transporte programado que consiste no traslado do alumnado aos centros educativos mediante a realización das expedicións necesarias sobre o itinerario trazado en cada unha das rutas de transporte escolar que en cada momento define a Administración respondendo ás necesidades de cada centro educativo.

A prestación realizarase en función dos horarios lectivos de cada centro educativo e as expedicións adaptaranse ao longo da duración do contrato aos cambios de horario que acorden os órganos da Administración competentes en materia educativa conxuntamente cos competentes en materia de transporte de escolares.

Tal e como explicou Rueda, para facilitar o servizo, “auméntanse os lotes de contrato de 57 a 71 para adaptarse ás necesidades de cada zona”. Esta división representa un modelo de contratación máis flexible, competitivo e inclusivo, que facilita unha xestión máis eficaz e adaptada á realidade do servizo, á vez que reforza o acceso das pequenas e medianas empresas á contratación pública.

Medios humanos e materiais requiridos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os medios humanos requiridos son persoal de condución con experiencia e permiso de conducir axeitado, e persoal acompañante que deberá contar coa adecuada preparación e formación. En ambos os casos, exíxese a presentación de certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais. No proxecto correspondente a cada lote indicase a dotación mínima de persoal, tanto de condución como acompañante, exixida e requirida para desenvolver o servizo.

Canto aos recursos materiais mínimos, exíxense 1.246 vehículos para “garantir o funcionamento de case 1.500 rutas escolares”, todos eles deberán cumprir a normativa vixente en materia de transporte escolar e os restantes requisitos mínimos exixidos como, por exemplo, sistema de ancoraxe das cadeiras de rodas nos vehículos adaptados, cintos de seguridade ou sistema de rexistro de eventos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A CONTRATACIÓN NESTE VERÁN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS

- O Consello da Xunta informou hoxe do Plan específico de subvencións para contratar auxiliares de policía local, no que o Goberno galego inviste 145.000 euros que van beneficiar oito concellos
- A Xunta leva investidos máis de 1,2M€ no financiamento da contratación de axentes durante a época estival nos concellos turísticos da Comunidade

O Consello da Xunta informou hoxe do *Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de policía local* durante a tempada de verán, ao que o Goberno galego destina este ano 145.000 euros para subvencionar as contratacións realizadas entre o 1 de xuño e o 30 de setembro deste 2025.

Consonte os criterios de selección, oito concellos recibirán as axudas á contratación de auxiliares de policía local este ano: Baiona, O Grove, A Guarda, Poio, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra; así como o concello coruñés de Miño e o lucense de Monforte de Lemos.

As contías distribúense tendo en conta a porcentaxe que representan as prazas hoteleiras en cada concello sobre a cifra de habitantes; beneficiaranse os municipios declarados turísticos e de máis de 5.000 habitantes que experimentan na tempada de verán un incremento estacional de poboación e que teñan un mínimo de 1.000 prazas.

Deste xeito, os municipios en que as prazas de aloxamento supoñan máis do 75% sobre o total de habitantes reciben axudas por importe de 30.000 euros, como é o caso de Sanxenxo e O Grove. No concello de Baiona, onde as prazas de aloxamento representan máis do 40%, a contía máxima é de 20.000 euros, mentres que nos municipios que como A Guarda, Miño e Poio, a porcentaxe supera o 20%, a subvención é dun máximo de 15.000 euros. Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos recibirán 10.000 euros en cada caso, debido a que o número de prazas de aloxamento en comparación coa poboación é inferior ao 20%.

Outros criterios de selección

Entre os criterios de selección, ademais de contar con máis de 5.000 habitantes e cun mínimo de 1.000 prazas de aloxamento, exíxese contar da declaración como municipio turístico galego, contar cun corpo de policía local e participar no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 25 de febreiro de 2025.

Alternativamente, requírese ter convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local durante este ano e ter remitidas as bases da dita convocatoria á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para os efectos da emisión de ditame.

Desde a posta en marcha do plan, en 2012, o Goberno galego leva investidos máis de 1,2

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

millóns de euros no financiamento da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da Comunidade.

A Xunta colabora desta forma cos concellos máis turísticos de Galicia a través destas axudas á contratacións de persoal realizadas con carácter temporal para o desempeño das funcións de auxiliar de policía local nos concellos turísticos galegos que experimentaron unha maior afluencia estacional de poboación, para incrementar a eficacia dos seus corpos de policía local durante a tempada de verán en 2025. A medida enmárcase, ademais, no compromiso de lles facilitar ás administracións locais a prestación de servizos en prol da seguridade da veciñanza e dos visitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MATERIALIZA O ÚLTIMO TRÁMITE PREVIO Á LICITACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO INSTITUTO DOMINGO VILLAR DE NAVIA

- O Consello do Goberno galego autoriza unha encomenda de xestión coa que se articula un acordo de colaboración entre as consellerías de Educación e Vivenda
- Este trámite establece as obrigas dos departamentos nas actuacións de preparación, selección de contratista e outras actuacións necesarias e previas á licitación da obra
- A previsión é comezar a construción, que conta cun prazo de 21 meses, neste mesmo ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha encomenda de xestión da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para poder realizar distintas actuacións para a construción do Instituto IES Domingo Villar de Navia, en Vigo. Este é o último trámite que debe realizar o Goberno galego antes de licitar a obra de construción do edificio, cun orzamento que ascende a 19M€.

A encomenda de xestión articularase coa sinatura dun acordo de colaboración entre as consellerías implicadas, así como coa Axencia Galega de Infraestruturas, co que se establecen as obrigas de cada departamento para a realización das actuacións propias da preparación, selección de contratista, adxudicación e execución do contrato de obra e dos contratos de servizo complementarios para a construción do novo edificio educativo.

Con este trámite, a Xunta de Galicia finaliza os pasos previos á licitación da obra, que se licitará no mes de xullo, coa previsión de iniciar a súa execución en novembro de 2025. Isto supón que a construción do IES Domingo Villar comezará este mesmo ano, tal e como se comprometeu e, cun prazo de 21 meses. De xeito paralelo, a Xunta remitiu ao Concello de Vigo un escrito para a cesión dos terreos previstos.

Este proxecto, que dá resposta aos veciños de Navia e doutros centros da contorna, amosa a coordinación entre as dúas consellerías na tramitación dos distintos pasos dos procesos administrativos e construtivos para axilizalos o máximo posible, compaxinando tres trámites: a licenza de obra, a urbanización do polígono e a obra do instituto.

Capacidade para 700 alumnos

O IES Domingo Villar terá capacidade para arredor de 700 alumnos de ESO e bacharelato e ocupará unha superficie total de case 8.200 metros cadrados, divididos en edificio principal de aulario, ximnasio, espazos complementarios e biblioteca.

A organización espacial será flexible e versátil, con espazos interactivos para fomentar novos modelos de aprendizaxe, dinámicos e adaptables, na liña dos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica. Así mesmo, o centro contará con foros, espazos polivalentes centrais e comúns que permiten expandir as aulas para poder compartir traballos ou experiencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo edificio está pensado para procurar a eficiencia enerxética e a integración na contorna, así como a accesibilidade e inclusividade, evitando barreiras ás persoas con mobilidade reducida e factores discriminatorios.

Cómpre lembrar que este novo instituto de Vigo será o primeiro de Galicia deseñado seguindo os parámetros académicos, tecnolóxicos e de sostibilidade recollidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 1,4 M€ A 12 CONCELLOS DE GALICIA PARA FINANCIAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DE XESTIÓN MUNICIPAL EN 47 CENTROS EDUCATIVOS

- Deste apoio beneficianse 5.049 usuarios de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Sada, Santiago e Sarria
- O Goberno galego xestiona o 80% dos comedores escolares que funcionan en Galicia, aos que destina cada día 300.000€ para financiar 62.000 menús diarios
- Ademais dos acordos cos concellos, a Administración autonómica tamén presta apoio ás anpas e entidades de educación especial que prestan este servizo complementario

O Goberno galego destinará un total de 1.363.767,3€ en concepto de axuda a 12 concellos de Galicia para contribuír a financiar o servizo de comedor escolar de xestión municipal en 47 centros educativos durante os vindeiros dous cursos escolares.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos acordos cos concellos de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Sada, Santiago e Sarria para os cursos 2025/26 e 2026/27.

Estes acordos forman parte da colaboración que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP mantén desde hai anos cos concellos que xestionan os comedores escolares de centros de ensino do seu municipio.

Así pois, no Concello de Ames beneficiaranse deste acordo os usuarios de comedor escolar dos colexios CEIP A Maía, Agro do Muíño e de Barouta, do CEP de Ventín e das escolas de educación infantil EEI do Milladoiro, EEI A Igrexa e EEI Covas.

En Betanzos o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín, e en Mugardos beneficianse os comedores dos colexios CEIP Unión Mugardesa e Santiago Apóstolo.

Canto ao acordo co Concello de Ferrol, inclúense os comedores do centro público integrado Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos, Ponzos e A Laxe.

No caso de Santiago de Compostela, o acordo beneficia os CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardenal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola. En Sada o acordo atinxe aos colexios de Sada e as súas contornas e Pedro Barrié de la Maza.

Na provincia de Lugo, beneficianse os colexios da cidade de Lugo e dos concellos de Barreiros e Sarria. No caso da cidade da muralla, os centros beneficiados son os CEIP Albeiros, Anexa, As Mercedes, Illa Verde, Menéndez Pelayo, Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Sagrado Corazón e Paradai. No caso de Barreiros, a achega da Xunta é para o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

servizo de comedor do Colexio CEIP San Cosme; e en Sarria para os usuarios da súa escola de educación infantil.

En Ourense, o Consello da Xunta autorizou a renovación do convenio co Concello de Muíños para o servizo de comedor no colexio CEIP Valle Inclán.

Na provincia de Pontevedra renovaranse os convenios cos concellos de Cangas e Meaño. No caso de Cangas atinxe aos comedores dos CEIP Nazaret, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa, mentres que no Concello de Meaño o convenio beneficiará os usuarios de comedor do CEIP Coirón-Dena.

Cómpre lembrar que, a maiores destes convenios autorizados hoxe, a consellería tamén mantén acordos na mesma liña cos concellos de Oroso e Vilalba, que están vixentes ata o curso 2025/26.

Estes acordos enmárcanse na política da Xunta de apoiar as administracións e entidades que prestan este servizo de carácter complementario. Así pois, ademais dos subscritos con 14 concellos de Galicia para subvencionar parte dos menús, a Xunta tamén presta apoio ás anpas que xestionan comedores a través dunha convocatoria anual de axudas, así como a 14 entidades de atención á diversidade que prestan o servizo de comedor adaptado para alumnos con necesidades específicas escolarizados en centros especializados.

Non obstante, a maior parte dos comedores (o 80%) son xestionados pola Xunta, que cada día inviste 300.000€ en servir uns 62.000 menús diarios. Así pois, o montante total ascende a un total de 55M€ por curso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA DAR CONTINUIDADE Á GRATUIDADE NAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL E NAS PRIVADAS NO VINDEIRO CURSO

- Destínanse 47 M€ a esta convocatoria que establecerá, por primeira vez, un calendario único de matriculación para todos os centros
- O obxectivo é que Galicia manteña o liderado na taxa de escolaridade 0-3, que neste curso se achegou ao 65%
- A nosa comunidade continúa tendo o programa de gratuidade máis ambicioso de toda España: oito horas diarias durante once meses ao ano
- No curso 2025/26 a Xunta financiará a escola infantil 0-3 a máis de 32.000 familias, que non terán que pagar nada pola matrícula e atención educativa dos seus fillos

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas coa que se consolida a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de iniciativa social e nas privadas para o 100% do alumnado de 0 a 3 anos no próximo curso 2025/26. A convocatoria ten un orzamento de 47 millóns de euros e establecerase por primeira vez un calendario único de matriculación para todas as escolas.

Ademais, a orde mantén a obrigatoriedade de aplicar os mesmos criterios de preferencia no acceso. Así, daráselle prioridade ás familias con irmáns na escola, fillo de persoal do centro e familias en que traballan os dous proxenitores ou o proxenitor no caso das familias monoparentais.

O obxectivo desta medida é que Galicia manteña o liderado nesta etapa educativa, que vén de renovar neste curso 2024/25 por terceiro ano consecutivo. Os datos publicados a semana pasada polo Ministerio de Educación sinalan que a nosa comunidade reforza o seu primeiro posto acadando unha ratio de case o 65%, polo que Galicia supera xa en máis de quince puntos a media nacional.

A nosa comunidade foi pioneira na implantación da gratuidade, un proceso que iniciou no curso 2019/20 para as familias con dous ou máis fillos e que desde o curso 2022/23 se ampliou ao 100% do alumnado. Hoxe Galicia mantense como referente, xa que o seu programa de gratuidade segue a ser o máis ambicioso de toda España: oito horas diarias durante once meses ao ano.

Unha medida que a Xunta financia na súa totalidade con fondos propios, sen achegas por parte do Goberno central, e coa que pon á disposición das familias galegas 32.000 prazas de 0 a 3 anos totalmente de balde, sen que teñan que afrontar os custos de matriculación e da atención educativa. A estas prazas hai que engadir outras 500 nas casas niño do rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA ATA OS 198.000 €, UN 14% MÁIS, A SÚA ACHEGA AO PROGRAMA DE ACOlLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

- O Consello autoriza un convenio con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade a esta iniciativa, que ten un orzamento total superior aos 500.000 euros
- A través deste programa atenderanse 150 menores en situación de risco ou desamparo que son acollidos temporalmente por membros da súa propia familia

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá a un novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa durante este ano. Esta iniciativa conta cun orzamento total que supera os 500.000 euros, dos cales a Administración autonómica financia 198.000 euros, un 14% máis que o ano pasado, e o resto achégao a propia entidade.

A través deste programa, atenderanse 150 nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo que son acollidos temporalmente por membros da súa propia familia cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. Esta iniciativa estrutúrase en dous servizos que responden ás necesidades dos menores, da familia de acollida e dos proxenitores: un servizo de apoio especializado e outro de formación.

O primeiro destes servizos inclúe asesoramento e orientación, intervención tanto psicosocial como educativa e mediación nas relacións familiares. O segundo consiste en organizar e desenvolver sesións formativas, que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento.

A Xunta de Galicia e Aldeas Infantiles colaboran neste programa desde o ano 2010. Inicialmente púxose en marcha na provincia de Pontevedra e na actualidade está implantado en toda a comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A CONTRATACIÓN DE NOVAS PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES EN LÁNCARA, GUNTÍN E RAMIRÁS

Destina máis de 1,5 millóns de euros para a reserva e ocupación de 30 prazas nestes tres concellos de Lugo e Ourense

O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato para o servizo de reserva e ocupación de 30 prazas de atención residencial para persoas maiores nos concellos lucenses de Láncara e Guntín, así como no ourensán de Ramirás. Son prazas de nova creación, 10 por municipio, coas que a Xunta segue ampliando a súa rede pública de atención.

A duración inicial do contrato será de dous anos, desde outubro deste ano ata setembro de 2027. Poderase prorrogar por períodos máximos de tres anos ata acadar unha duración de cinco. O orzamento base de licitación supera os 1,5 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas, é de 4,6 millóns de euros.

O procedemento de licitación destas novas prazas é aberto a entidades que xa teñan centros residenciais en Láncara, Guntín e Ramirás. Na valoración das ofertas, a proposta económica terá como máximo un 40% de puntuación, mentres que o peso de criterios vinculados á calidade do servizo suporá o 60% da puntuación.

Tras a autorización do Consello da Xunta, publicarase o anuncio de licitación na Plataforma de contratos públicos de Galicia e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA GARANTE O FUTURO DAS EXPLOTACIÓNS DAS AREEIRAS DA LIMIA TRAS A APROBACIÓN NO CONSELLO DO PROXECTO SECTORIAL QUE ORDENA A IMPLANTACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE MINEIRA

A Consellería de Economía e Industria compromete, deste xeito, o apoio a unha das principais actividades económicas da comarca, que prevé investir nos próximos 25 anos preto de 6 M€ entre novos equipamentos e a restauración dos terreos afectados

O Consello da Xunta acordou esta mañá a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a implantación e o desenvolvemento da actividade extractiva de area a ceo aberto na comarca da Limia, concretamente nos concellos ourensás de Sandiás e Vilar de Santos. Co acordo de hoxe, o Goberno galego fixa as condicións urbanísticas dun proxecto fundamental para o desenvolvemento económico da zona ao tempo que garante a viabilidade ambiental e a xestión dos terreos afectados por este tipo de explotacións mineiras.

O proxecto coñecido como Areeiras da Limia está promovido polas empresas Arenas Naturales da Limia, S.L., Corporación Arenera da Limia, S.L., Arenera Norteña, S.L. e Extracción de Áridos Lima, S.L. A previsión dos seus promotores pasa por investir nos próximos 25 anos preto de 6 millóns de euros, dos que 4,96 millóns de euros se corresponderían coas partidas reservadas á mellora dos equipamentos e 629.000 euros se destinarán aos custos de reparación dos terreos afectados pola explotación, tanto dos que proceden das antigas zonas explotadas como os daquelas en que se vai actuar e as que se vexan afectados no futuro.

O proxecto sectorial aprobado esta mañá ten por obxecto regular o aproveitamento areeiro destinado á fabricación de formigóns hidráulicos e construción en xeral, que se vén facendo nesta área da Limia desde os anos 70, sobre terreos ocupados no seu día pola desecada Lagoa de Antela. Nomeadamente, na extracción de area a ceo aberto por bancos de pequena altura e ata unha profundidade máxima de 15 metros, empregando medios mecánicos e sen uso de explosivos, cun procedemento semellante ao que se veu utilizando ata o de agora.

Con esta actuación supramunicipal prevese a unión de varias parcelas, en parte das cales xa se extraen áridos na actualidade, nunha parcela única, incrementando a superficie que se vai explotar cara ao concello de Sandiás, e garantindo o futuro da explotación dun recurso fundamental de maneira sustentable. Así mesmo, a iniciativa inclúe a recuperación dos terreos afectados de cara á paulatina creación dunha lagoa artificial en sucesivas fases espaciadas no tempo cunha periodicidade de 5 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA OS 4,4 M€ AS AXUDAS PARA A VALORIZACIÓN E A SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA E DO CONTRACT, A ÚNICA DESTAS CARACTERÍSTICAS A NIVEL NACIONAL

- O Goberno galego eleva nun 11 % os fondos destinados a esta liña de apoios que convoca desde o ano 2018 a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), co obxectivo de pechar o ciclo produtivo desta industria na comunidade
- Destinada principalmente ás pemes do sector forestal-madeira, a nova convocatoria dá resposta a dúas cuestións fundamentais: atender as necesidades de moitos serradoiros galegos que non poden acceder a outras axudas e facilitar os investimentos en tratamentos térmicos para combater os danos causados polo nematodo do piñeiro
- Os apoios están incluídos dentro dos obxectivos da Axenda do impulso da industria forestal-madeira, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, e inclúen 6 liñas de axuda con importes de ata un máximo de 60.000 euros, que no caso das liñas 1 e 2 poden alcanzar os 250.000 euros

A Xunta destinará nos próximos dous anos 4,4 millóns de euros, un 11% máis que na anterior convocatoria, para a valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais, así como para a mellora da seguridade e saúde no ámbito laboral da industria forestal galega e tamén do contract. O Goberno galego deu conta desta nova na reunión semanal do Consello celebrada esta mañá, na que se puxo en valor a singularidade duns apoios únicos a nivel estatal que impulsa a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), dependente da Consellería de Economía e Industria, desde o ano 2018 e que se denominan Xera-Valor.

Os obxectivos desta orde de axudas pasan por poñer en valor e pechar o ciclo produtivo dos recursos forestais na Comunidade a través do impulso da segunda transformación, de maneira que se aproveitan as oportunidades que está a xerar o incremento de produtos derivados da madeira en diversos eidos como o da construción. Por iso e para dar resposta a dúas cuestións que afectan de xeito significativo o subsector da transformacións da madeira de piñeiro, a nova orde inclúe dúas novidades: facilitar o acceso a estes apoios a aqueles serradoiros que superen unha capacidade máxima de transformación de 20.000 metros cúbicos de torada ao ano, xa que na actualidade tiñan limitado o acceso á axudas do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) en virtude dunha normativa europea. Pero ademais, inclúen axudas para afrontar as consecuencias provocadas polo nematodo do piñeiro.

6 liñas de axuda

Así, a convocatoria aprobada esta mañá recolle seis liñas de axuda. A liña 1 *Competitividade e valorización*, está destinada á adquisición de novo equipamento para a transformación de produtos de orixe forestal non alimentaria, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabamentos da madeira. Conta cun orzamento de 750.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A liña 2, *Mobiliario, contract e construción*, facilita a compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e fabricación de mobiliario e á fabricación de elementos para a construción. A partida reservada ascende a 750.000 euros. No caso da liña 3, *Dixitalización*, resérvanse 250.000 euros para a xestión integral, dixitalización de procesos e sistemas para a xestión do ciclo de vida, ciberseguridade, intelixencia artificial ou automatización e sensorización, entre outros. Neste caso o orzamento reservado é de 150.000 euros.

No caso da liña 4, *Certificacións, ensaios e informes*, que conta tamén con 150.000 euros de orzamento, poderán solicitala aqueles que queiran implantar e certificar a cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental, informes, servizos, bens de equipamento, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e ambientais. Tamén para marcas colectivas rexistradas ou para a implantación da marcación CE de produtos de orixe forestal, entre outros.

A liña 5, *Seguridade e saúde na contorna laboral*, está dirixida á incorporación de servizos para a implantación e certificación do estándar ISO 45001 – xestión da seguridade e saúde no traballo- ou medidas para reducir os riscos de orixe e propagación de incendios, para o que conta cunha partida de 400.000 euros. E, finalmente, a liña 6, *Ecoinnovación*, está dirixida ao ecodeseño de produtos ou materiais con madeira, a implantación de solucións de economía circular, así como a introducir ferramentas que permitan analizar diferentes aspectos ambientais nas fases do ciclo de vida. O orzamento desta liña rolda os 150.000 euros.

Beneficiarios e apoios

En canto aos beneficiarios, a convocatoria Xera-Valor está dirixida principalmente ás pemes do sector forestal-madeira, así como ás asociacións da cadea de valor e empresas que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada no caso da liña 3, e de pemes de calquera sector que desenvolvan solucións ecoinnovativas con madeira, no caso de solicitar apoios no marco da liña 6.

E no que respecta á intensidade das axudas, esta será do 50 % ata un máximo de 60.000 euros en todas as liñas, agás no caso de actuacións encadradas nas liñas 1 e 2, que será de 250.000 euros. Ademais, os apoios poderán ser do 70 % no caso da liña 3 se a actuación consome servizos web da Xunta ou se se trata de proxectos que empreguen a ferramenta gratuíta de rastrexabilidade FORTRA.

Estas achegas están enmarcadas dentro dos obxectivos da Axenda de impulso da industria forestal-madeira, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O NOVO PROGRAMA FOGAR VIVO, DOTADO CUN INVESTIMENTO DE 5,7 M€ ATA 2028, CO FIN DE MOBILIZAR VIVENDAS BALEIRAS PARA ALUGUEIRO ACCESIBLE

- Nos próximos días publicarase no DOG a primeira convocatoria, dotada cun orzamento de algo máis de 1M€, que permanecerá aberta ata o 30 de outubro
- Con este novo programa o Goberno galego ten como obxectivo recuperar para o mercado de alugueiro vivendas baleiras de propiedade privada
- Trátase da primeira convocatoria deste novo programa que conta con axudas de ata 14.000 € para reformas e un seguro de falta de pagamento e multirrisco de fogar, e que poden chegar ata os 16.000 € se o propietario aluga a menores de 36 anos ou a familias con menores ou persoas dependentes ao seu cargo
- Dispón de dúas seccións diferenciadas, unha xestionada directamente pola Xunta e outra xestionada a través dos concellos colaboradores
- Poden acollerse ás axudas de rehabilitación ou mellora das vivendas desta primeira convocatoria as actuacións que se realizasen dende o 1 de xaneiro de 2025, sen que o prazo da súa execución poida, en ningún caso, exceder o 30 de maio de 2026

O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución pola que se establecen as bases reguladoras do novo programa Fogar vivo, dotado cun investimento de 5,7M€ ata 2028, que ten como finalidade ampliar a oferta do parque residencial privado en alugueiro, e a través do que os propietarios poderán recibir ata 14.000 euros por vivenda para a mellora ou adecuación desta e o pagamento dos seguros de falta de pagamento e multirrisco do fogar. Esta axuda pode alcanzar os 16.000 euros se o propietario aluga a vivenda a xente moza ou a familias con menores ou dependentes ao seu cargo.

En concreto, o Goberno galego destinará 1.019.760 euros ás axudas para mellora de vivendas que se incorporen á primeira convocatoria do novo programa Fogar vivo, que ten como obxectivo a posta no mercado de alugamento, a prezos accesibles, do maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada, cuxo prezo de alugueiro mensual non poderá superar os límites establecidos na convocatoria.

Fogar vivo consta de dúas seccións diferenciadas: unha xestionada directamente pola Xunta e outra xestionada a través de concellos colaboradores. Conservarán a consideración de concello colaborador os que xa a tiñan en programas anteriores.

Requisitos de acceso

Entre os requisitos para que as vivendas poidan acceder ao programa Fogar vivo é que deben estar baleiras, entendéndose por tales aquelas que non fosen arrendadas nos tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Ademais, as vivendas deberán destinarse ao alugamento, cando menos, durante cinco anos ou sete anos no caso de persoas xurídicas, de acordo co previsto na lexislación de arrendamentos urbanos, e os prezos non poderán superar os establecidos na convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Contía das axudas

A contía máxima das subvencións impulsadas pola Xunta será de ata 16.000 euros por vivenda, dos que 11.000 serán para rehabilitación e mellora da vivenda e 3.000 para o pagamento de seguros. Se a vivenda se aluga a mozos e mozas menores de 36 anos, persoas con fillos menores a cargo ou unidades familiares con persoas dependentes, haberá unha axuda adicional de 2.000 euros, sempre que se obtivese a axuda de rehabilitación e mellora da vivenda.

Ademais, para facer efectivas estas axudas e, polo tanto, para que o beneficiario poida dispor destas achegas xa dende o primeiro momento, a Xunta poderá realizar pagamentos anticipados ata nun 80%, e o 20% restante aboarase coa xustificación final da obra. O obxectivo é que o propietario poida dispor de maior flexibilidade para a realización das actuacións.

Prazos

A Xunta prevé publicar nos próximos días a convocatoria do programa Fogar vivo, con financiamento plurianual, cuxo prazo de presentación de solicitudes comezará unha vez transcorridos cinco días hábiles da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo de solicitudes desta primeira convocatoria rematará o día 30 de outubro de 2025.

Poden acollerse ás axudas de mellora ou rehabilitación de vivendas desta convocatoria as actuacións que se realizen desde o 1 de xaneiro de 2025, sen que o prazo da súa execución poida, en ningún caso, exceder o 30 de maio de 2026.

Doutra banda, os concellos que queiran obter a condición de entidade colaboradora do programa poderán solicitalo desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Este prazo rematará o 31 de decembro de 2028.

Mobilización de vivendas

Esta primeira convocatoria do programa Fogar vivo 2025-2028, avanzada xa no Consello da Xunta do pasado 19 de maio, dá cumprimento a unha das medidas previstas para a presente lexislatura, presentada no Parlamento o pasado 23 abril polo presidente Alfonso Rueda no debate do estado da autonomía, dirixida a incentivar a posta en alugueiro accesible de vivendas privadas baleiras.

Ás axudas do programa Fogar vivo que impulsa o Goberno galego engádense os incentivos fiscais que están en marcha desde xaneiro deste mesmo ano para os propietarios que poñan en alugueiro novos inmobles, con deducións do 15% das cantidades satisfeitas polas obras de reparación e conservación ou calquera outro gasto necesario para que un inmovible se atope en condicións de ser arrendado como vivenda, incluída a obtención do certificado de eficiencia enerxética e a formalización do contrato de arrendamento. A base máxima da dedución será de 9.000 euros por vivenda.

Tamén a dedución para os propietarios ou usufrutuarios das vivendas de 500 euros por vivenda da cota íntegra autonómica do primeiro período impositivo en que se poña en arrendamento a dita vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, poderáselle propoñer á Federación Galega de Municipios e Provincias a sinatura de convenios cos distintos concellos para aplicación de bonificacións nos diferentes tributos municipais ás vivendas inscritas no programa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ 10 VIVENDAS PÚBLICAS EN SOLOS CEDIDOS POLO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela en Marxión para impulsar a ampliación do parque público residencial, así como da licitación do contrato de redacción do proxecto e dirección das obras
- Ademais, en Vilagarcía está en fase de contratación a redacción do proxecto de interese autonómico (PIA) no ámbito entre a avenida das Carolinas e as rúas Coca e Arealonga, onde se prevén 350 vivendas, o 80% protexidas, no marco da Estratexia galega de solo residencial
- A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.200 vivendas nas sete grandes cidades

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da aceptación da cesión gratuíta por parte do Concello de Vilagarcía dunha parcela en Marxión para a construción dun edificio de dez vivendas públicas, así como da próxima licitación do contrato do servizo de redacción do proxecto e dirección das obras. A Xunta abordará a construción destes novos fogares a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia.

No marco do compromiso firme do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na Comunidade para o ano 2028, a Xunta recibiu o compromiso do Concello arousán da cesión da titularidade gratuíta dunha parcela, co fin de crear vivenda protexida de promoción pública na cidade.

En concreto, trátase dunha parcela situada en Marxión, que conta cunha superficie de 675 metros cadrados.

Por outra banda, a Xunta tamén ten en marcha a primeira fase da Estratexia galega de solo residencial, coa que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres. No caso de Vilagarcía, a Administración autonómica está a analizar as catro ofertas presentadas para a redacción do proxecto de interese autonómico no ámbito comprendido entre a avenida das Carolinas e as rúas Coca e Arealonga, onde se prevén 350 vivendas, o 80% protexidas.

O Goberno galego segue intensificando o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así as 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 120.000 € PARA A ANÁLISE DE BIOTOXINAS NO MARCO DO CONTROL SANITARIO DE MOLUSCOS BIVALVOS

- As consellerías de Sanidade e do Mar seguirán colaborando para garantir a seguridade alimentaria da poboación fronte aos riscos asociados ao consumo destes produtos
- O novo acordo terá unha duración de catro anos e prevé a realización de 147 analíticas ao ano
- A Dirección Xeral de Saúde Pública encargarse da recollida de mostras e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) das análises
- A Xunta mantén o seu compromiso coa seguridade alimentaria, realizando o control e seguimento do conxunto das fases de produción, das súas industrias e dos establecementos implicados na elaboración ou comercialización de produtos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a renovación do acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería do Mar para a realización do control sanitario das augas vinculadas á produción de moluscos bivalvos, co obxectivo de dispoñer de información puntual dos niveis de biotoxinas, do estatus microbiolóxico e do nivel de contaminantes químicos nas zonas de produción.

O Executivo galego investirá 120.000 euros para garantir a saúde alimentaria da poboación fronte aos riscos asociados ao consumo de moluscos bivalvos.

Desde o ano 2016, a Consellería de sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, e a Consellería do Mar, a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), traballan conxuntamente no control sanitario do medio mariño, no marco da Rede integrada de laboratorios (Redgalicia).

Coa renovación deste convenio, os inspectores da Dirección Xeral de Saúde Pública continuarán a recoller mostras nas augas de produción de moluscos para remitilas ao laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño. Isto posibilita a realización dun control técnico-sanitario sobre estes produtos do mar para garantir a seguridade alimentaria, e tamén asesoramento técnico-científico.

Este novo convenio de colaboración estenderase ata o ano 2028 e prevé a realización de 147 analíticas ao ano.

Entre outros datos, as análises que se realicen permitirán avaliar a posible presenza de biotoxinas, a definición de criterios microbiolóxicos (salmonella, vibrio e norovirus), de dioxinas, bifenilos policlorados (PCB), de metais pesados e hidrocarburos nos moluscos bivalvos procedentes das rías galegas.

A Xunta mantén o seu compromiso coa seguridade alimentaria da poboación galega realizando o control e seguimento do conxunto das fases de produción, das súas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

industrias e dos establecementos implicados na elaboración ou comercialización de produtos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE VIGO PARA A VIXILANCIA DAS CARRACHAS E DOS MOSQUITOS

- A Xunta investirá 544.500 euros para acadar o obxectivo de facer o seguimento da presenza destes animais que poden transmitir enfermidades
- No ano 2017 creouse a Rede galega de vixilancia de vectores co fin de intensificar o control e de garantir unha mellor saúde pública e sanidade animal
- O cambio climático é un dos factores da expansión dos mosquitos e carrachas, o que pode producir que se introduzan en Galicia especies que ata o de agora non se atopaban
- A colaboración cos grupos de expertos das universidades de Santiago de Compostela e de Vigo permite ás consellerías de Sanidade e do Medio Rural detectar a presenza de novos xéneros e especies, posibilitando tomar medidas de control

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta, a través da Consellería de Sanidade e da Consellería do Medio Rural, e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo para a vixilancia das carrachas e dos mosquitos, vectores de enfermidade humana e animal. Este acordo, que prevé un investimento autonómico de 544.500 euros, enmárcase na Rede galega de vixilancia de vectores (Regavivec), que naceu no ano 2017.

O novo convenio estará vixente ata abril de 2028. Permitirá detectar a presenza de novos xéneros e especies, determinar densidades elevadas ou zonas con aumento de vectores de enfermidades de importancia na saúde pública (carrachas e mosquitos) e posibilitará tomar medidas de control de xeito urxente e informar a poboación dos riscos a que pode estar exposta.

Desde o punto de vista da saúde pública e da sanidade animal, é importante que exista unha rede para vixiar os animais transmisores de enfermidades, considerados vectores de interese sanitario. Por iso, con esa finalidade púxose en marcha a Rede galega de vixilancia de vectores a partir do convenio subscrito entre as consellerías de Sanidade e do Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, que inicialmente se centrou nos mosquitos e no ano 2018 se ampliou ás carrachas.

Este convenio, financiado polo departamento sanitario galego, enmárcase dentro da Estratexia galega de saúde 2030 e incorpora o enfoque Unha soa saúde, que busca equilibrar e optimizar de xeito sustentable a saúde das persoas, dos animais e dos ecosistemas.

Actividades

Tal e como se recolle no convenio, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a aumentar o coñecemento sobre as carrachas, que son vectores de interese para a saúde humana e a sanidade ambiental. Para tal fin, revisaranse e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actualizaranse os protocolos para a súa recollida, tanto no medio como en animais e humanos, considerando os avances na materia, a evidencia científica e as recomendacións de organismos nacionais e internacionais.

As carrachas son vectores de enfermidades como a anaplasmore, febre Q, enfermidade de Lyme, febre exantemática mediterránea, erliquiose, etc. O cambio climático é un dos factores da súa expansión, o que pode producir que se introduzan en Galicia especies que neste momento non se atopan.

O Departamento de Patoloxía Animal da Universidade de Santiago de Compostela conta con tres liñas de investigación co obxectivo de realizar estudos sobre ectoparásitos e a súa infestación por diversos microorganismos de interese humano e animal, e con ampla experiencia no eido das carrachas.

Respecto da Universidade de Vigo, comprométese a aumentar o coñecemento sobre os mosquitos vectores de interese para a saúde humana e a sanidade animal na comunidade. Para tal efecto, revisará e actualizará os protocolos para a posta de trampas, o seu mantemento e recollida de mostras e procederá ao traslado, procesado, identificación e recuento das mostras recollidas.

Como efectos do cambio climático, especies de mosquitos que neste momento non se atopan en Galicia poderían introducirse e instalarse na comunidade, favorecendo a aparición de casos autóctonos de enfermidades como o dengue, zika ou chikungunya, no caso dos humanos.

O Departamento de Ecoloxía Animal da Universidade de Vigo conta cunha liña de investigación específica sobre o estudo da biodiversidade, co obxectivo de realizar, entre outros, traballos sobre fauna entomolóxica invasora, con ampla experiencia.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade, ademais da achega económica, realizará as xestións para poder levar a cabo as mostraxes nos puntos de maior interese, establecendo colaboracións ou acordos con entidades locais e actualizará as bases de datos de especies vectoriais transmisoras para a súa inclusión no Observatorio de Saúde Pública. Así mesmo, realizará a vixilancia ambiental e epidemiolóxica en función dos achados.

A Consellería do Medio Rural, pola súa banda, enviará as carrachas que se atopen en xabaris ou noutros animais salvaxes no marco do seu programa de control de determinadas enfermidades animais e levará a cabo as xestións para poder realizar as mostraxes nos puntos de maior interese, para o que poderán establecerse acordos con asociacións de gandeiros. Tamén compartirá coa Consellería de Sanidade os resultados de interese en saúde pública nos seus programas de vixilancia e campañas de saneamento. As dúas consellerías colaborarán no estudo daquelas enfermidades de transmisión vectorial comúns a animais e humanos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DO TERREO PARA A CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE PANTÓN

- O soar cedido polo Concello conta cunha superficie de 676 m²
- A construción deste novo centro está prevista como prioritaria no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria de Galicia
- O Plan funcional da Xunta para o novo centro prevé a construción dun inmoble de 600 m², con dúas consultas de medicina familiar e comunitaria e dúas de enfermaría
- Contará, así mesmo, cunha sala polivalente que poderá funcionar tamén como consulta
- Incorporará unha sala de toma de mostras e outra de técnicas, apta para a realización de cirurxía menor

O Consello da Xunta autorizou a aceptación da cesión do terreo para a construción do novo centro de saúde de Pantón, feita a título gratuito polo Concello a favor do Servizo Galego de Saúde.

O Executivo galego e o Concello de Pantón teñen o mutuo interese de dotar este municipio da provincia de Lugo dun novo centro de saúde coa finalidade de mellorar a cobertura asistencial da poboación de referencia. Tendo presente esta necesidade, ambas as dúas partes consideran preciso unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

O soar cedido polo Concello correspóndese co número 6 da rúa Travesía de Pantón e conta cunha superficie de 676 metros cadrados.

A construción do novo centro sanitario está prevista como prioritaria no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria de Galicia.

O plan funcional que a Xunta se compromete a desenvolver para o novo centro de saúde prevé a construción dun inmoble de 600 m² con dúas consultas de medicina familiar e comunitaria e dúas de enfermaría. Así mesmo, a nova infraestrutura sanitaria contará cunha sala polivalente que poderá funcionar tamén como consulta.

Xunto ao anterior, este novo centro da rede sanitaria pública galega incorporará unha sala de toma de mostras e outra de técnicas, apta para a realización de cirurxía menor.

O Concello de Pantón conta na actualidade con 2.099 tarxetas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA SOMETER A AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA O DECRETO QUE POSIBILITARÁ A ENTREGA DE MEDICAMENTOS A DOMICILIO ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

- O texto normativo regulará a entrega, por parte das oficinas de farmacia nos domicilios, dos medicamentos, produtos sanitarios e dietoterápicos suxeitos a prescrición ás persoas que teñan recoñecida oficialmente a condición de dependente
- Así mesmo, cando se trate de medicación dispensada polos servizos de farmacia hospitalaria, os beneficiarios terán tamén a opción de recollela nunha das 5 oficinas de farmacia máis próximas ao seu domicilio
- Co novo decreto, a Xunta reforza a súa aposta por unha atención farmacéutica máis accesible, próxima e inclusiva, ao tempo que garante unha mellor xestión dos servizos públicos

O Consello da Xunta vén de autorizar o inicio do trámite de audiencia e de información pública do proxecto de decreto polo que se regulará a entrega de medicamentos, produtos sanitarios e dietoterápicos ao domicilio das persoas que teñan recoñecida oficialmente a condición de dependente.

Así, a nova norma regulará as condicións, requisitos e sistemas de control aplicables aos supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios e dietoterápicos, tanto por parte das oficinas de farmacia comunitaria como polos servizos de farmacia dos centros hospitalarios galegos, sexan públicos ou privados.

Deste xeito, todas aquelas persoas que teñan recoñecida oficialmente a condición de dependente, en calquera dos seus graos (I, II ou III), e sempre que teñan o seu domicilio nalgún dos 313 concellos da Comunidade, poderán acollerse á dispensación e entrega informada no seu fogar, por parte das oficinas de farmacia, de medicamentos e produtos sanitarios e dietoterápicos suxeitos a prescrición.

Por outra parte, e no caso de que a medicación sexa dispensada polos servizos de farmacia dos hospitais galegos, os beneficiarios deste decreto terán a posibilidade de recollelos nunha das 5 oficinas de farmacia máis próximas ao seu domicilio; en calquera outra farmacia pertencente á área de referencia do seu punto de atención continuada; ou recibilos no seu propio lugar de residencia, todas estas opcións sen renunciar á correcta supervisión das prestacións farmacéuticas polo persoal facultativo correspondente.

No caso deste segundo suposto, poderán acceder ao servizo os usuarios dos servizos de farmacia dos hospitais galegos, públicos e privados, cando reúnan os seguintes requisitos: ter recoñecida oficialmente a condición de dependente e residir nun dos concellos de Galicia, ter sido diagnosticado dunha patoloxía crónica e/ou con necesidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de tratamento sen data de finalización prevista, encontrarse en seguimento en consulta e acreditar unha adherencia ao tratamento dispensado superior ao 90 %.

O acceso a este servizo no ámbito do sistema público de saúde de Galicia requirirá da solicitude previa da persoa interesada e da correspondente autorización administrativa, que será emitida pola xerencia da área sanitaria que corresponda, de acordo coa residencia do paciente.

Ata o de agora, Galicia non contaba cun sistema xeneralizado e regulamentado de repartición e entrega de medicamentos e produtos sanitarios a domicilio, aínda que a Lei 3/2019, de ordenación farmacéutica de Galicia, xa recollía a posibilidade de introducir a entrega de medicamentos a domicilio.

O presente decreto desenvolverá o artigo 7 da citada lei, ao tempo que prevé que esta prestación se poida estender a outros supostos en que concorran situacións sanitarias excepcionais ou necesidades asistenciais específicas.

Con carácter previo á súa aprobación, este proxecto de decreto someteuse ao trámite de consulta pública previa co obxecto de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas destinatarias da norma, e recibíronse un total de 15 suxestións. Na elaboración desta nova de regulación contouse coa colaboración dos catro colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia.

O proxecto de decreto será sometido nos próximos días ao trámite de información pública e audiencia. As achegas que se reciban serán analizadas no marco da tramitación previa á aprobación definitiva por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Co novo decreto, a Xunta reforza a súa aposta por unha atención farmacéutica máis accesible, próxima e inclusiva de cara ás persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia e ás súas familias, ao tempo que garante unha mellor xestión dos servizos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 114.000 € PARA ADAPTAR O ANTIGO EDIFICIO DA CÁMARA AGRARIA COMO BIBLIOTECA DE BOIMORTO

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre o Goberno galego e o concello coruñés para levar a cabo esta intervención, que se desenvolverá en dúas anualidades
- A actuación encádrase no compromiso que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude leva a cabo para divulgar e promocionar a cultura en todo o territorio no marco do Plan de mellora das infraestruturas
- O obxectivo dos traballos é facer que o espazo desempeñe un papel fundamental na educación, na cultura e no acceso á información dos veciños
- As tarefas centraranse en converter en accesible o edificio, modificar os acabamentos interiores, mellorar a climatización e manter a linguaxe exterior da edificación

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará 114.000€ para levar a cabo obras de adaptación no primeiro andar do antigo edificio da Cámara Agraria para uso da biblioteca de Boimorto, na liña do seu plan de axudas para a divulgación, información e promoción da cultura en todo o territorio, no marco do Plan de mellora das infraestruturas no que traballa a Administración autonómica e en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, no que se deu luz verde á sinatura do convenio entre o Goberno galego e o concello coruñés.

Deste xeito, o inmovible, que está destinado ao desenvolvemento de actividades artísticas, máis alá das literarias, será obxecto dunha intervención que incluírá a mellora da accesibilidade do edificio, a modificación dos acabamentos interiores, carpintarías e falso teito acústico, a renovación do sistema de climatización con bombas de calor e cassettes e o mantemento da linguaxe exterior da edificación. Desde o executivo autonómico respóndese así á necesidade de pór solución á actual situación de accesibilidade do local, de maneira que se adecúe para ofrecer á veciñanza un espazo axeitado para fomentar a educación, a cultura, o acceso á información e a comunidade.

Así, os traballos destinados a renovar a infraestrutura en beneficio da cidadanía, distribuiranse en dúas fases, de maneira que o investimento será repartido en dúas anualidades. Para este 2025 resérvase unha partida de 35.000€ para actuacións previas, demolicións, accións nas fachadas e particións e estrutura, principalmente. No 2026 a achega será de 79.000€ para intervir nas instalacións, carpintarías e proteccións solares, así como para desenvolver tarefas de revestimento ou trasdosados.

Estado do inmovible

O primeiro andar do antigo edificio da Cámara Agraria do Concello de Boimorto conta cunha entrada nula en termos de accesibilidade, consistente nunhas escadas dun só tiro, o que xera un importante problema de acceso. Por este motivo, cómpre substituílas por unha rampla exterior no lateral do inmovible e unhas escaleiras adaptadas de tres tramos, así como tamén colocar un ascensor accesible que comunique o acceso co andar no que está situado a actual biblioteca. Así mesmo, os aseos do edificio carecen de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adaptabilidade, polo que se proxecta un aseo accesible comunicado tamén co ascensor e co acceso.

Por outra banda, a edificación conta con carpintarías en mal estado polo que se propón a súa modificación e a dos acabamentos interiores, ademais do falso teito acústico. Así, preténdense tamén melloras na climatización colocando un recuperador de calor, bombas de calor e cassettes no falso teito, situados exteriormente na fachada medianeira. Neste senso, procurarase tamén manter a linguaxe exterior do edificio, mantendo a cor branca das carpintarías de aluminio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES NO SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Consello aproba a incorporación deste espazo, xestionado polo Concello da Coruña
- O Centro de Interpretación fai máis inclusivo o acceso ao coñecemento e á historia da Torre de Hércules, visitada por máis de 100.000 persoas cada ano
- Na actualidade, a listaxe de centros museísticos que forman parte do Sistema galego de museos suma un total de 92 entidades, dos que 22 son coleccións museográficas

A Xunta de Galicia integrará o Centro de Interpretación da Torre de Hércules no Sistema galego de centros museísticos. Así se acordou hoxe no Consello, onde se deu luz verde á incorporación deste espazo, situado no concello da Coruña e xestionado polo propio consistorio.

O Consello autoriza esta decisión tras a avaliación dos informes que verifican o cumprimento dos requisitos exixidos para formar parte da Rede galega de centros museísticos e que, na actualidade, suma un total de 92 entidades, das que 69 son museos, 22 coleccións museográficas e un centro de interpretación do patrimonio cultural.

A Torre de Hércules, declarada patrimonio mundial pola Unesco en 2009, é o faro máis antigo do mundo. Trátase dun edificio de orixe romana construído entre mediados e finais do século I, cunha intervención no século XVIII que permitiu a permanencia do inmovible. O obxectivo primordial do centro de interpretación é divulgar os contidos e o valor universal excepcional do monumento, razóns polas que foi incluído na lista do patrimonio mundial. Neste senso, a exposición permanente do centro incide na cronoloxía da Torre desde a súa construción ata a actualidade.

O Centro de Interpretación constitúe unha alternativa para todas as persoas que queiran coñecer o interior do monumento e a súa historia, facendo máis inclusivo o acceso ao coñecemento da Torre de Hércules, a cal é visitada por máis de 100.000 persoas cada ano.

O Centro de Interpretación da Torre de Hércules configúrase como o escenario de actividades de carácter ambiental, cultural, arqueolóxico e de recreación histórica, que contan coa participación de asociacións culturais e ambientais locais. Tamén se realizan presentacións de diversa índole (actividades, produtos turísticos ou libros) e visitas específicas de centros educativos.

Deste xeito, a súa inserción no Sistema galego de centros museísticos permitiralle continuar con esta programación mediante o acceso a liñas de axudas públicas, a participación en accións formativas de interese para as súas iniciativas, o acceso a propostas colaborativas ou a actividades itinerantes promovidas pola Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COAS DIOCESES GALEGAS CON 600.000 € PARA INTERVENCIÓNS EN IGREXAS PARROQUIAIS

- O Consello dá luz verde ao novo acordo, que incrementa en 250.000€ a achega do ano pasado, e que inclúe traballos en 16 bens
- As axudas están destinadas a actuacións para cubrir necesidades de acondicionamento, como son a solución de humidades ou o arranxo de cubertas
- Trátase dunha colaboración estable que mantén o Goberno galego no seu compromiso coa preservación e rehabilitación do patrimonio cultural
- Na Coruña intervírase en San Martiño de Tiobre, San Pedro de Vilar, Nosa Señora das Dores de Ferrol e en San Paio de Paradela
- Na provincia de Lugo actuarase en Santiago de Quende, San Tirso de Portocelo, Santo Estevo de Baralla, Santa María de Cabanela, Santa María de Carteira e no complexo pastoral de Ferreira de Pallares
- En Ourense abordaranse obras en Santa María de Feces de Abaixo, en San Lourenzo de Piñor, en San Ramón de Armariz e na igrexa de Lamalonga
- Pola súa banda, en Pontevedra serán obxecto das axudas San Martiño de Verducido, e San Martiño de Vilasobroso

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as dioceses galegas para contribuír a pequenas actuacións de conservación e mantemento de 16 igrexas parroquiais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia. Así, o acordo prevé este ano unha achega de 600.000€ para realizar distintas intervencións de protección e rehabilitación nestes bens ao longo do ano.

Cómpre destacar que o importe se incrementou significativamente con respecto ao anterior acordo, en 250.000€, chegando así a un maior número de parroquias e bisbarras, colaborando na preservación do patrimonio e no desenvolvemento de áreas rurais.

As partidas repártense entre as seis dioceses existentes, de tal xeito que a de Lugo recibirá 147.600€ para levar a cabo a reparación das cubertas na igrexa de Santo Estevo, en Baralla; na de San Paio de Paradela, en Toques; na de Santa María de Cabanela, en Navia de Suarna; na de Santa María de Carteira, en Palas de Rei, e no complexo pastoral-parroquial de Ferreira de Pallares, en Guntín.

Pola súa banda, a Diocese de Santiago percibirá 129.000€ para actuar na reconstrución do cerramento da igrexa de San Martiño de Tiobre, en Betanzos, e na renovación da cuberta e das fachadas de San Pedro de Vilar, en Pontedeume. Mentres, na Diocese de Ourense destinaranse 113.400€ a investir na eliminación de humidades en Santa María de Feces de Abaixo, en Verín; en San Lourenzo de Piñor, en Barbadás, e en San Ramón de Armariz, en Nogueira de Ramuín.

Ao abeiro deste convenio, tamén se achegarán 94.800€ á Diocese de Mondoñedo-Ferrol, que permitirán mellorar as condicións da igrexa de Nosa Señora das Dores, en Ferrol, con traballos de limpeza e consolidación das súas torres, e renovar as cubertas de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Santiago de Quende, en Abadín, e da igrexa de San Tirso de Portocelo, en Xove. A esta partida sumaráselle a de 76.200€ da Diocese de Tui-Vigo, que se repartirá entre o acondicionamento de San Martiño de Verducido, na Lama, coa rehabilitación da cuberta, e San Martiño de Vilasobroso, en Mondariz, poñendo solución ás humidades. Ademais, á Diocese de Astorga corresponderanlle 39.000€ para o desenvolvemento de obras de reparación da cuberta na igrexa de Lamalonga, na Veiga.

Colaboración estable

O convenio renovado hoxe forma parte do compromiso do Goberno galego coa preservación do patrimonio cultural de todo o territorio e enmárcase na colaboración estable que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén coas dioceses galegas para a posta en valor dos seus bens máis senlleiros. Así, o acordo é garante da realización das intervencións necesarias propostas polas dioceses para a protección, conservación e rehabilitación das igrexas parroquiais pertencentes ao patrimonio artístico de titularidade eclesiástica.

Deste xeito, polo seu alto valor artístico, cultural e histórico, desde a Xunta vélese pola súa conservación a través de distintas axudas, como as enmarcadas no convenio mixto, a través do que atende, realizando investimentos directos, as necesidades de mantemento e restauración destes bens, aos que destinou 1,2M€ desde o 2019.

Ademais, cómpre destacar que moitos dos bens culturais da igrexa están incorporados á lista do patrimonio mundial ao estaren vencellados ao Camiño Francés e aos Camiños do Norte, ademais de contar con grandes mosteiros, abadías, conventos, conxuntos catedralicios e diferentes monumentos declarados ben de interese cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA CON MÁIS DE 1,7 M€ AS AXUDAS CON CARGO AO 0,7% DO IRPF PARA PROGRAMAS SOCIAIS DIRIXIDOS Á MOCIDADE E AO VOLUNTARIADO

- O Goberno galego incrementa en 300.000€ con respecto ao ano pasado o orzamento destinado a estas achegas, que se dividen en catro liñas distintas
- O Consello autoriza o pagamento anticipado das subvencións, paso previo á convocatoria que se publicará posteriormente no Diario Oficial de Galicia
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon en valor estas axudas que a cidadanía realiza a través da súa declaración da renda
- Van destinadas a proxectos en prol da mocidade que teñen que ver coa saúde, o emprego, o desenvolvemento de habilidades ou o equipamento de locais xuvenís

A Xunta de Galicia reforza con máis de 1,7 M€ as axudas con cargo ao 0,7 % do imposto sobre renda das persoas físicas e do imposto de sociedades neste 2025, dirixidas á realización de programas sociais tanto para a mocidade como para o voluntariado, así como a proxectos de investimento das entidades que traballan neste eido que teñen que ver cos locais e co material. Neste senso, o Consello deu o visto e praxe hoxe á autorización do pagamento anticipado das subvencións, paso previo á súa convocatoria pública, que se publicará nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia*.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa a potenciar un programa de axudas que se considera esencial e que permitiu nos últimos anos en Galicia a execución de importantes programas. Trátase, polo tanto, dunhas achegas que constitúen un verdadeiro instrumento de vertebración social na Comunidade e que teñen o valor engadido de que se levan a cabo a través da asignación tributaria da cidadanía na súa declaración anual da renda.

Así, na convocatoria estableceranse catro liñas de axudas ás que se destinan 300.000€ máis que no exercicio anterior, dúas delas incorporadas como novidade o ano pasado: unha para actuacións dirixidas á mocidade (665.960€), outra para accións destinadas ao voluntariado (634.578€) e outras dúas, as que funcionan desde 2024, para mellorar os locais das entidades xuvenís (200.000€) e de voluntariado (200.000€). Neste último caso preténdese que contén con partidas para acondicionar as súas instalacións e con recursos para a adquisición de material e equipamento.

Tipoloxía de proxectos

O obxecto das subvencións son os programas de interese xeral que teñan fins de carácter social e que se desenvolvan en Galicia durante o ano 2026. Neste senso, no que respecta ás liñas para actuacións dirixidas á mocidade, priorizaranse as propostas que teñan que ver coa prevención de riscos contra a saúde da mocidade e a promoción de hábitos de vida saudables. De igual xeito, tamén serán obxecto destas axudas aqueles proxectos que procuren a mellora da empregabilidade da xente nova ao igual que aquelas iniciativas de educación non formal que faciliten a súa integración social.

No ámbito das accións destinadas ao voluntariado, valoraranse as iniciativas que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fomenten a participación activa en entidades destas características. Tamén serán obxecto desta subvención aqueles programas dirixidos á formación das persoas voluntarias, así como á adquisición de experiencias que permitan obter novas habilidades e competencias. A estes engádense os que teñan como finalidade sensibilizar a poboación en xeral sobre a importancia da acción voluntaria e o seu recoñecemento como axente de cambio e transformación social.

No que respecta ao equipamento das entidades xuvenís e de acción voluntaria, poden pedir as axudas para investir na rehabilitación e acondicionamento dos locais onde prestan os seus servizos, así como para outras necesidades xustificadas, como a adquisición de material ou vehículos.

Requisitos das entidades

Poderán ser beneficiarias desta orde de convocatoria as entidades do terceiro sector de acción social e a Cruz Vermella Española, sempre que reúnan certos requisitos, como o de estaren legalmente constituídas con dous anos de antelación á data da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico.

De igual xeito, deben carecer de ánimo de lucro e os seus fins institucionais teñen que corresponder á realización e á execución de programas sociais de similar natureza á dos programas a que van dirixidas estas axudas. Tamén cómpre precisar que o orzamento mínimo dun proxecto para poder acceder debe ser de 5.000€. Ademais, segundo o ámbito de actuación, autonómico, local ou provincial, da federación, confederación, agrupación, entidade ou asociación determinárase o número máximo de iniciativas coas que pode concorrer, así como a contía máxima que se concederá para cada unha delas, que pode ir desde os 10.000€ ata os 30.000€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A PARTICIPACIÓN DO SECTOR MARISQUEIRO NA REPRODUCCIÓN E CRÍA DE BIVALVOS CO PROXECTO `PARTBIV`

- O proxecto, presentado polo CIMA, e dotado con máis de 717.600 euros - cofinanciados polo FEMPA-, pretende crear un espazo de colaboración entre os produtores e os organismos científicos e investigadores, co fin de dar resposta á necesidade de repoboación dos bancos
- Para o seu desenvolvemento, cuxo prazo de execución se prolonga ata 2027, empregaranse os criadeiros de O Vicedo e o IGAFA
- Dentro desta iniciativa asinouse un encargo a SEAGA para mellorar a reprodución de moluscos bivalvos de interese comercial, co fin de apoiar a recuperación marisqueira nas rías afectadas polo incremento da temperatura e a baixa salinidade
- No que vai de ano, Mar leva impulsados sete proxectos destinados á investigación, recuperación e repoboación dos bancos de moluscos bivalvos por valor de máis de 3M€

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se toma razón do programa *Partbiv*, impulsado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e destinado á participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial. Con esta iniciativa, dotada con 717.622,22 euros, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), a Consellería do Mar pretende crear un espazo de colaboración entre os produtores e os organismos científicos e investigadores da súa titularidade, co fin de dar resposta á necesidade de repoboación dos bancos marisqueiros.

Para poder realizar esta actividade utilizaranse as instalacións propias vinculadas ao CIMA e farase partícipe as confrarías que se incorporen a este proxecto no coidado da semente durante a preengorda, xa se realice en batea ou en artefactos circuíto de aire forzado. Para elo, empregarase a instalación de criadeiro baixo cuberta lixeira de Vicedo e, unha vez avanzado o proxecto, as actividades poderán estenderse ás instalacións destas mesmas características que o IGAFA ten na Illa de Arousa.

Fases e resultados

Este proxecto, cuxo prazo de execución se estende ata o 2027, desenvolverase en seis fases claramente diferenciadas, que inclúen dende a posta en marcha das instalacións de reprodución e cría, o inicio do cultivo de fitoplancto en cantidade suficiente e o comezo o proceso de reprodución, ata o subministro, selección e preengorda de exemplares de ameixa babosa, ameixa fina, ameixa xaponesa e navalla.

Polo que respecta aos resultados que se agardan, estes abarcan os eidos produtivo e social. No primeiro caso, describíranse os factores que afectan aos cultivos para as distintas especies e os criterios biolóxicos que permitan seleccionar as sementes con maior potencial de crecemento. Esta fase inclúe tamén a entrega de sementes aos colectivos en función do seu grao de implicación na acción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os resultados sociais fan referencia á determinación da implicación activa das persoas mariscadoras nos coidados e seguimento da semente seleccionada nos bancos naturais de Galicia, así como á presentación dos resultados en foros e obradoiros para promover a discusión e concienciación sobre a necesidade do coidado e seguimento das sementeiras.

Encargo a SEAGA

Dentro deste proxecto asinouse un encargo con SEAGA, que ten por obxecto específico incrementar a capacidade de produción de semente de moluscos nas instalacións de Ribadeo e O Vicedo de xeito que se poida apoiar a recuperación dos bancos marisqueiros nas rías afectadas polo incremento da temperatura da auga e a drástica baixada de salinidade que minguaron a súa produtividade.

Contexto

Partbiv forma parte do esforzo inversor da Consellería do Mar para potenciar a actividade investigadora dos distintos centros investigadores que xestiona. En total, o departamento autonómico destinará a aumentar o labor científico do CIMA ata 2027 máis de 2,6 millóns de euros. O obxectivo, axudar a mellorar a produción marisqueira, conseguindo as cifras necesarias que requiren as entidades produtoras para abastecer á sociedade destes alimentos tan altamente demandados.

Esta iniciativa súmase, por tanto, a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores. Así, no que vai de ano, a Consellería do Mar leva impulsados xa sete proxectos destinados á investigación, recuperación e repoboación dos bancos de moluscos bivalvos por valor de máis de 3 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA ASUME DESDE MAÑÁ O AUTOGOBERNO PLENO DA SÚA COSTA COA POSTA EN MARCHA DUNHA NOVA CANLE DE INFORMACIÓN CIDADÁ E DA SOLICITUDE ÚNICA PARA TODOS OS TRÁMITES DO LITORAL

- Anuncia que a Xunta habilitará un servizo telefónico a través do 012 para resolver dúbidas e consultas sobre calquera trámite vencellado a actividades na costa e un novo espazo web, 'Galicia Litoral', con información de interese na materia
- Destaca que tamén se avanzou na planificación e deseño da Rede de sendas do litoral de Galicia e nos traballos técnicos para a elaboración do Catálogo de bens de valor cultural no litoral, que se prevé aprobar mediante decreto antes de que remate o ano
- Outra das actuacións que se primarán en 2025 será a posta en marcha dunha Rede de establecementos turísticos a partir da identificación e rehabilitación de edificios preexistentes que destaquen polo seu valor arquitectónico ou histórico e cultural

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que Galicia asumirá desde mañá "a plena xestión sobre o seu litoral", un "feito histórico desde o punto de vista do autogoberno" que virá acompañado da posta en marcha de xeito inmediato de dous novos servizos, unha nova canle de información á cidadanía e a posibilidade de unificar nun só formulario calquera trámite ou solicitude sobre o litoral.

Deste xeito, o Goberno autonómico prepárase para asumir o autogoberno pleno do litoral co traspaso efectivo a Galicia a partir de mañá das funcións, medios e servizos en materia de ordenación costeira. Con motivo deste fito histórico, o titular do Executivo galego destacou que o Consello tomou razón hoxe dun informe sobre os principais avances acadados nos últimos meses neste eido, así como a "folla de ruta" a seguir tras a entrada en vigor do acordo de traspaso do litoral, que se materializará, precisamente, mañá coa publicación do Decreto de asunción das funcións e servizos correspondentes, aprobado tamén hoxe polo Goberno galego.

No relativo ao procedemento e tramitación dos expedientes relacionados cos distintos usos da franxa costeira, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ten preparadas dúas novidades que estarán operativas desde mañá.

Tal e como explicou Rueda, a través do teléfono de atención á cidadanía 012, porase en marcha un servizo específico para canalizar consultas sobre procedementos relacionados cos usos e ocupacións da franxa litoral, ao tempo que se habilitará, baixo o nome Galicia Litoral, un novo espazo web informativo na páxina da Consellería. Esta nova canle de atención telefónica axudará "a resolver todo tipo de dúbidas" de tramitación e sobre permisos e autorizacións de actividades no litoral para facilitar a relación coa Administración daquelas empresas e cidadáns que teñan algún tipo de interese na costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, habilitarase tamén “un único formulario” para todas as solicitudes relacionadas coa obtención de títulos habilitantes para intervir tanto no dominio público marítimo-terrestre coma na zona de servidume de protección. Este formulario estará á disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta tamén a partir de mañá e permitirá pasar dun modelo de solicitude en papel a outro dixital, coa conseguinte redución de tempos.

De igual xeito, o Goberno autonómico seguirá traballando noutras melloras programadas ou xa implementadas nos últimos meses para avanzar nos obxectivos de simplificación e axilización administrativa que se recollen na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga).

En concreto, a Consellería adaptou xa todos os procedementos de autorización na zona de servidume (de competencia e xestión autonómica antes do acordo de traspaso) ao espírito da norma autonómica, o que se traduciu nunha redución dun 80% no número de emendas requiridas aos solicitantes e nun recorte significativo dos tempos de tramitación de case 500 autorizacións e de 276 declaracións responsables relacionadas con expedientes que afectan esta franxa da costa.

Así mesmo, seguiranse dando pasos para ofrecer canto antes un procedemento integrado e 100% dixital a aquelas persoas interesadas en conseguir as autorizacións administrativas correspondentes para exercer unha actividade, uso ou ocupación na costa galega. Tal e como acordou o Consello da Xunta o pasado 9 de xuño, o decreto regulador deste novo sistema de portelo único para tramitar os distintos títulos habilitantes e autorizacións do litoral someterase a consulta pública previa ata o día 10 de xullo e as posibles achegas que se reciban serán tidas en conta na redacción do documento definitivo, que se prevé aprobar a finais deste ano.

En canto ás actuacións estratéxicas para o litoral que a Xunta quere impulsar en 2025 baixo o paraugas da lei, convocarase este mesmo verán un concurso de ideas dirixido a estudos de arquitectura e profesionais independentes para deseñar un prototipo de *chiringuito* biosustentable e desmontable capaz de integrarse coa paisaxe das praias e das contornas naturais costeiras máis características de Galicia.

A idea é que un xurado profesional escolla as mellores propostas para, a partir de aí, poder ofrecerlles ás empresas interesadas, xa o ano que vén, un modelo tipo de proxecto básico coas pautas que seguir no deseño do seu propio *chiringuito*. Aínda que este tipo de instalacións deberá adaptarse en todo caso á normativa urbanística de cada concello e ás Directrices da paisaxe, o obxectivo é que, como punto de partida, haxa un ou varios chiringuitos de praia modelo con materiais sostibles, eficientes enerxeticamente e mimetizados co entorno e a natureza que os rodea, en liña co enfoque da bioarquitectura.

De forma complementaria a este concurso, seguirase traballando na elaboración dunha guía de integración paisaxística deste tipo de establecementos hostaleiros para fixar unha serie de pautas e recomendacións comúns (deseño, cor, materiais, etc) co

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo de avanzar cara unha rede de chiringuitos sostibles e uniformes por todo o litoral.

O presidente tamén salientou que nos últimos dous meses se avanzou na planificación e deseño da Rede de sendas do litoral de Galicia, que terá como principal reclamo unha gran ruta desde Ribadeo ata Tui, e nos traballos técnicos para a elaboración do Catálogo de bens de valor cultural no litoral, que se prevé aprobar antes de que remate o ano mediante un decreto que, precisamente, desde mañá e ata o 1 de agosto se someterá a consulta pública previa para recoller as opinións e posibles achegas da cidadanía.

Como punto de partida tomouse un inventario realizado pola Xunta no ano 2019 e no que se recollen 459 bens, elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado (muíños, antigas salgadeiras, conserveiras...) que están sendo xa analizados desde a perspectiva da Loxilga e co informe previo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa revisión e posterior actualización.

O obxectivo é dignificar este patrimonio litoral, de enorme valor e distintivo de Galicia, e que no catálogo definitivo se identifiquen todos os bens seleccionados, con indicación da área do litoral en que se atopan, a xustificación da súa incorporación e concreción dos usos, tanto os orixinais como os futuros que sexan compatibles coa súa localización.

Rede de establecementos turísticos costeiros

En liña cun dos usos estratéxicos da franxa costeira recoñecidos na Loxilga —o turismo—, Rueda sinalou que outra das medidas que se impulsará nos vindeiros meses é a identificación daquelas edificacións preexistentes na costa (incluídas tamén aquelas destinadas orixinalmente a uso residencial) e que, polos seus especiais valores arquitectónicos, históricos ou culturais, “poidan ter un uso turístico”, logo de rehabilitación.

Xa se está a traballar nas bases reguladoras que deberán especificar as condicións e os requisitos que se lles exixirá cumprir ás edificacións que pretendan formar parte da futura Rede de establecementos turísticos do litoral, tendo en conta que a prioridade é ofrecer un servizo de calidade, diversificado e desestacionalizado que favoreza un desenvolvemento sustentable da franxa costeira galega desde o punto de vista do turismo.

Paralelamente, a Xunta seguirá avanzando no desenvolvemento dos órganos administrativos de organización e coordinación previstos na propia norma, así como nos distintos instrumentos de planificación que permitirán abordar a toma de decisións.

Así, o pasado 3 de xuño a Comisión interdepartamental de coordinación do litoral, órgano responsable de coordinar a elaboración, o seguimento e a aplicación das ferramentas de ordenación previstas na Loxilga, acordou crear o Comité técnico de planificación e actuacións estratéxicas. Sobre el recae a responsabilidade de supervisar todo o relativo ás medidas xa mencionadas de carácter estratéxico e que integran

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

criterios tanto paisaxísticos como culturais, turísticos ou ambientais (o Catálogo de patrimonio cultural, as redes de sendas e de establecementos turísticos...).

En materia normativa, cómpre salientar que na actualidade se está a redactar o documento das Directrices de ordenación do litoral (DOL) co obxectivo de telo finalizado e sometelo a aprobación no último trimestre de 2025. Cando estean rematadas as DOL, como marco xeral de referencia para a elaboración dos restantes instrumentos, abordaranse os plans de ordenación costeira e de ordenación mariña.

Ademais, antes de que remate este verán, prevese aprobar tamén o decreto regulador do Foro do litoral de Galicia, órgano colexiado de participación, asesoramento e consulta integrado por administracións públicas, universidades, organismos científicos, sectores produtivos e entidades ambientais.

Por último e co obxectivo de seguir consolidando Galicia como referente en materia de cogobernanza, no mes de setembro convocarase un cumio de municipios costeiros para impulsar o Pacto galego polo litoral, documento estratéxico que aspira a converter a costa galega nun exemplo de dinamismo económico sustentable, en liña coa tripla perspectiva da Loxilga (social, ambiental e económica).

Así mesmo, antes de que remate o ano está prevista tamén a celebración dun foro con todas as comunidades autónomas que xestionan o seu litoral.

Primeira comunidade en regular a costa en toda a súa extensión

Coa aprobación da Loxilga en xullo do ano 2023, Galicia converteuse na primeira comunidade en regular por lei a plena xestión da súa costa en toda a súa extensión, é dicir, incluíndo tanto a zona terrestre e intermareal como a área mariña ata as 12 millas náuticas. O obxectivo, en definitiva, é poder abordar a regulación da costa e dos usos que se desenvolven nela dunha forma integrada e por parte de quen mellor a coñece.

Neste sentido, cómpre lembrar que a Comunidade galega ten a costa máis extensa de España: algo máis de 2.500 quilómetros, contando o perímetro costeiro pero tamén illas, illotes, marismas e areais. Unha realidade xeográfica que, a diferenza doutras comunidades, explica por que o seu modelo produtivo e forma de vida estiveron historicamente ligados ao mar e, por tanto, requiren criterios e regulacións específicos.

Ao abeiro das súas competencias, a Xunta leva décadas regulando o litoral galego e desenvolvendo instrumentos de ordenación do territorio cunha incidencia directa e notable sobre a franxa costeira. Pero con esta lei, Galicia deu un paso máis para asumir, como xa fixeran outras comunidades, as competencias plenas e efectivas que lle atribuíu o seu Estatuto de autonomía sobre a xestión do DPMT e que lle permitirán desde mañá, coa entrada en vigor do traspaso das funcións e servizos para a ordenación do litoral, xestionar arredor de 1,6 millóns de hectáreas marítimas e terrestres do seu territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 700.000 € AOS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS PARA MODERNIZAR A XESTIÓN E IMPULSAR UNS SERVIZOS DE CALIDADE MÁIS ÁXILES E PRÓXIMOS Á CIDADANÍA

- As axudas convócanse a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e están destinadas, ademais de aos concellos, a federacións e a asociacións de entidades locais de ámbito autonómico
- A iniciativa reafirma o compromiso do Goberno galego coa procura da mellora continua na prestación de servizos públicos

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) destinará este ano 697.950 euros ao financiamento dos plans de formación das entidades locais, para modernizar a xestión e impulsar uns servizos de calidade máis áxiles e próximos á cidadanía. Así se desprende do informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

A iniciativa, dirixida ao persoal ao servizo das entidades locais, inclúe dúas liñas: unha directamente, mediante a convocatoria de actividades recollidas no plan de formación continua da EGAP; e outra indirectamente, mediante a convocatoria de axudas destinadas ao financiamento de plans de formación elaborados polas propias entidades locais galegas, así como federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico.

Así mesmo, e ao igual que en anos anteriores, o parámetro para realizar a repartición dos fondos, tal e como especifica o informe, é o número total de empregados que integran o cadro de persoal da entidade local promotora, no caso dos plans unitarios, ou a suma total do persoal empregado público incluído nos respectivos cadros de persoal das entidades locais, no caso dos plans agrupados.

Tendo en conta a información achegada polas entidades beneficiarias en convocatorias anteriores, cómpre salientar que esta formación incide de xeito máis relevante naqueles colectivos das entidades locais con necesidades formativas específicas debido a que realizan funcións moi especializadas. Este é o caso dos cursos dirixidos á policía local ou ao persoal dos corpos de bombeiros, pero tamén ao persoal con funcións relacionadas co mantemento de infraestruturas ou a xestión de espazos culturais e deportivos, entre outros.

Balance do ano pasado

Esta área de contidos específicos para determinados colectivos foi a que sumou un maior número de actividades en 2024, acadando unha porcentaxe aproximada do 35% da formación total impartida, seguida da formación en áreas transversais de grande importancia no eido local, como a de procedemento administrativo e contratación pública, a administración electrónica e intelixencia artificial, a igualdade de xénero e violencia de xénero, así como a ordenación urbanística e litoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria destas axudas permitiulles ás entidades locais galegas impartir o ano pasado un total de 217 actividades formativas, as cales supuxeron unha carga lectiva de 6.258 horas e nas que participaron 6.875 persoas.

Cómpre salientar que coa adxudicación destas axudas o Goberno galego reafirma o seu compromiso coa procura da mellora continua na prestación dos servizos públicos galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PRIMEIRO PILOTO DO PROXECTO XENOMA GALICIA DETECTA 14 NOVOS CASOS DE ALTO RISCO ENTRE AS MÁIS DE 1.000 PERSOAS PARTICIPANTES

- As persoas que deron negativo tras a extracción de sangue para as patoloxías investigadas de cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar, foron informadas por sms
- Os participantes que deron positivo teñen cita de especialista para asesoramento xenético
- Actualmente está en marcha a segunda fase do piloto coa recollida de mostras de saliva en centros de saúde
- O proxecto piloto busca comparar a eficacia de analizar o xenoma completo con mostras de sangue ou ben unha parte do xenoma con saliva
- Comeza a construírse un biobanco de mostras biolóxicas e datos xenéticos que permita futuros estudos biomédicos
- A Xunta dedica 20 M€ a avanzar na medicina personalizada coa recompilación do ADN de 400.000 galegos para detectar enfermidades antes de que aparezan e ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados

A primeira fase do piloto do proxecto Xenoma Galicia permitiu detectar, entre os máis de 1.000 participantes aos que se lle recolleu unha mostra de sangue, 14 novos casos de alto risco para as patoloxías investigadas de cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar.

A Consellería de Sanidade presentou esta mañá ante o Consello da Xunta un informe de situación do piloto do proxecto Xenoma Galicia.

Cun investimento de 20 millóns de euros, o Goberno galego márcase o obxectivo de recompilar o ADN de 400.000 persoas. Pola porcentaxe de poboación incluída, Xenoma Galicia é un dos proxectos de maior envergadura do mundo. Permitirá ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados, predicir o risco de enfermidades antes de apareceren para poder anticiparse a elas e evitalas grazas ao estudo do xenoma e da historia clínica.

Isto porá a Galicia en primeira liña da investigación biomédica, ademais de ser un revulsivo para a industria biotecnolóxica e farmacéutica do país.

Na primeira fase do proxecto Xenoma Galicia participaron, concretamente, 1.036 persoas de 35 a 70 anos, residentes nos concellos seleccionados para seren representativos do ámbito urbano, semiurbano e rural: A Coruña, Dumbría, Valdoviño, Brión, O Pino, Porto do Son, Lousame, Xove, O Corgo, Pantón, Rubiá, San Cibrao das Viñas, Monterrei, Vigo, Vilaboa e A Illa de Arousa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Sanidade convidou os participantes a través de mensaxes no móbil. A sms incluía unha ligazón ao portal web do proxecto para poder coñecer toda a información antes de aceptar a súa participación. Posteriormente, a través do sistema de autocita da aplicación Sergas Móbil, cada persoa podía reservar día e horario para acudir ao seu hospital de referencia para a extracción de sangue.

Nesta fase participou persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública, da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

En particular, 57 profesionais de enfermaría e 83 técnicos de laboratorio formáronse, entre outros aspectos, sobre a toma de mostras e o manexo da documentación que os participantes debían cubrir.

As mostras de sangue para análise xenética foron enviadas á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para o seu estudo. As mostras adicionais, conxeladas a -80 graos, comezan a crear un biobanco que permita futuros estudos biomédicos.

As 1.017 persoas que deron negativo na análise das variantes xenéticas de alto risco entre as enfermidades investigadas enviáuselles este mes unha sms. O seu informe de cribado xenético e as análises de hemograma e bioquímica xa están incluídos na súa historia clínica IANUS.

As 19 persoas que deron positivo coñeceron o resultado de xeito directo, a través dunha chamada da propia investigadora principal do proxecto en que se informaba de que serían derivadas ao servizo especializado da súa área sanitaria para o asesoramento xenético e que poderían resolver calquera dúbida sobre o proceso.

Na consulta, dependendo da variante detectada, infórmase das opcións de seguimento personalizado, de se deben facerlle probas a algún familiar e de hábitos de vida saudable que se poden seguir para diminuír o risco en caso de que, finalmente, apareza a patoloxía.

En total, foron detectadas 20 variantes xenéticas de alto risco, aínda que unha persoa foi positiva tanto nas variantes de cancro de mama e ovario hereditario coma de síndrome de Lynch.

Destes casos, só 14 son deteccións novas xa que o resto de persoas xa estaban informadas da presenza destas variantes xenéticas e do seu risco.

Segunda fase en marcha

No mes de abril a Xunta comezou o traballo para a recolla de 1.000 mostras de saliva de persoas de 15 concellos representativos: Vigo, Vilaboa, Poio, O Grove, Allariz, Amoeiro, San Cristovo de Cea, Ourense, Folgoso do Courel, Melide, Rianxo, Ribeira, A Baña, Santa Comba e A Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novamente, as persoas seleccionadas reciben unha sms con información do proxecto e, no caso de aceptaren participar, reciben dispositivos de autotoma coas instrucións e a documentación para o consentimento informado.

Neste momento xa hai máis de 800 persoas anotadas que teñen urnas á súa disposición para entregar as mostras en todos os centros de saúde dos concellos elixidos.

A comunicación dos resultados seguirá o mesmo método: os casos negativos por sms e os positivos cunha chamada para a derivación ao servizo especializado correspondente.

Con estas dúas fases avaliarase a posibilidade de escalar o programa en todo o sistema sanitario, a efectividade do cribado xenético das tres enfermidades hereditarias que se avalían e compararanse a eficacia e os custos das tecnoloxías empregadas para analizar o xenoma completo con mostra de sangue ou o exoma -unha parte do xenoma- a través de mostra de saliva.

O proxecto, coordinado pola Consellería de Sanidade e baixo a dirección dos investigadores María Brión e Ángel Carracedo, contribuirá a integrar a xenómica na medicina preventiva da sanidade pública galega. Ademais, establecerá as bases dun cribado xenético sustentable e equitativo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA RECLAMARÁ O TRASPASO DAS COMPETENCIAS EXECUTIVAS DAS AUTORIZACIÓNS INICIAIS DE TRABALLO TRAS OBTENIR O AVAL DO CONSELLO CONSULTIVO

- Asegura que o obxectivo é “axilizar” a incorporación “ordenada e planificada” de persoas doutros países ao mercado laboral galego
- Lembra que son competencias que xa exercen comunidades como Cataluña ou o País Vasco
- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración aposta por un modelo para atraer talento exterior baseado “na planificación, a axilidade administrativa, o acollemento e a integración”
- O Consultivo conclúe que estas funcións forman parte da execución da lexislación laboral, recoñecida no Estatuto de autonomía e que, por tanto, lle corresponde a Galicia o seu pleno exercicio
- O traspaso permitiría facer fronte ao colapso administrativo do Estado neste eido e reducir prazos á hora de expedir os permisos
- Trátase dun paso clave para potenciar iniciativas pioneiras como o manifesto de vontades asinado con catro países hispanoamericanos co fin de establecer mecanismos que faciliten a migración laboral ordenada e en liña coas empresas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou “reclamar ao Goberno central o traspaso a Galicia das competencias para poder xestionar as autorizacións iniciais de traballo das persoas estranxeiras” tras recibir “o aval do Consello Consultivo”.

Rueda salientou que con esta medida o Goberno autonómico busca axilizar “a incorporación ordenada e planificada de persoas de fóra das nosas fronteiras ao mercado laboral galego” e ampliar as súas competencias neste eido “como xa fixeron Cataluña e País Vasco”.

En concreto, tal e como explicou o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, trátase de reclamar a xestión da tramitación e resolución “das autorizacións iniciais de traballo por conta allea e propia, dos permisos para actividades laborais de tempada e das autorizacións vinculadas a estadias de longa duración por razóns de estudo, mobilidade de alumnado, voluntariado ou formación”.

O conselleiro explicou que o Consello Consultivo determina que existen argumentos xurídicos sólidos para entender que estas funcións forman parte da execución da propia lexislación en materia laboral, “unha competencia xa recoñecida a Galicia ao abeiro do seu Estatuto de autonomía” e que, polo tanto, lle corresponde á Comunidade Autónoma o seu pleno exercicio. Esta interpretación queda avalada, ademais, pola doutrina reiterada a este respecto do Tribunal Constitucional en diferentes sentenzas. En consecuencia, o informe considera que Galicia está en condicións de solicitar o traspaso efectivo destas competencias e dos medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo. Unha vez formalizado, a Comunidade podería ditar normas propias para o seu exercicio, dentro dos límites da lexislación estatal vixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aposta por unha inmigración ordenada e da man das empresas

Co inicio desta reclamación formal —unha petición aprobada tamén por unanimidade polo Parlamento de Galicia o pasado 25 de xuño— a Xunta dá un novo impulso ao seu compromiso estratéxico de favorecer unha incorporación ordenada e planificada de traballadores estranxeiros ao mercado laboral autonómico. O obxectivo é axilizar e facer máis eficiente a tramitación das autorizacións iniciais de traballo, clave para cubrir vacantes en sectores estratéxicos, responder ao reto demográfico e atender de xeito áxil as demandas crecentes das empresas. “Teñen a necesidade de cubrir vacantes en eidos coma a agricultura, a construción ou o turismo”, indicou Rueda.

“Queremos un modelo de atracción de traballadores do exterior baseado na planificación e no diálogo, na axilidade administrativa e a seguridade xurídica e no acollemento e integración”, engadiu o conselleiro.

A xestión directa destas competencias permitirá facer fronte ao colapso administrativo do Goberno central neste eido —agravado tras a entrada en vigor do novo Regulamento de estranxeiría o pasado 20 de maio e con importantes carencias tanto materiais como de persoal—, reducindo prazos para axustalos á realidade do mercado de traballo e facilitando a incorporación de profesionais estranxeiros coas máximas garantías, tanto para os traballadores como para o tecido produtivo galego.

Esta medida complétase co esforzo que xa está a facer Galicia por reforzar o mercado interno, con iniciativas dirixidas ao impulso da formación flexible en liña coas necesidades das empresas. No marco da Estratexia Galicia retorna, destacan ferramentas como o programa Retorna cualifica emprego —con fitos como as feiras de emprego na Arxentina e no Uruguai— que ata o momento permitiu a contratación de preto de 100 persoas, das cales arredor de 60 xa retornaron a Galicia, e ten máis de 700 en proceso de selección. Seguindo esta mesma filosofía, o Goberno galego prevé a colaboración con terceiros países promovendo accións en orixe. Neste senso, salienta o manifesto de vontades asinado con catro países hispanoamericanos —Colombia, Honduras, Ecuador e Paraguai— co fin de establecer vías para unha migración laboral ordenada e segura e que se vería reforzado coa asunción destas competencias.

Axilidade na homologación de títulos

En paralelo, a Xunta insta tamén o Goberno a promover medidas que favorezan a axilidade na homologación dos títulos universitarios das persoas estranxeiras —competencia exclusiva estatal— que desexen incorporarse ao mercado laboral galego ou continuar coa súa formación con posto de traballo. O obxectivo é reducir as trabas burocráticas e que poidan acceder a traballos acordes coa súa cualificación ou a programas como as bolsas BEME para estudos de posgrao, enmarcadas na Estratexia Galicia retorna.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 400.000 € Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DAS OPP E DAS ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA

- A convocatoria destas axudas, cofinanciadas polo Fempa, publicarase ao longo do mes de xullo no Diario Oficial de Galicia
- As achegas impulsan a actividade marisqueira e pesqueira, contribuíndo ao mantemento de emprego e á xeración de novas oportunidades laborais no marco dunha economía azul sustentable

O Consello da Xunta deu conta da convocatoria de 2025 correspondente ás axudas destinadas á creación e consolidación das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, dotadas con 400.000 euros, e que permiten impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, xerando emprego e riqueza no marco dunha economía azul sustentable.

A finalidade principal desta orde, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) en xullo, consiste en impulsar e pór en valor a actividade marítimo-pesqueira para mellorar a súa competitividade e asegurar o uso óptimo do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), de tal xeito que se cumpra a normativa europea cara a unha práctica pesqueira sustentable e respectuosa co ambiente.

Precisamente, nos orzamentos da Consellería do Mar para este ano, este Fondo ten un especial protagonismo, pois asigna a Galicia máis de 360 millóns de euros para o seu período de vixencia dos 735 destinados ao conxunto das autonomías. Neste senso, e co obxectivo de superar o 84% de execución do anterior fondo FEMP, en 2024 comezou a estar operativa a nova rede de oficinas que dá servizo ao territorio costeiro que asesora e facilita os trámites ao sector pesqueiro e transformador.

Con estas axudas, o Goberno galego, a través da Consellería do Mar, dá continuidade a unhas achegas que, no período 2016-2023, permitiron entregar ás oito OPP de carácter autonómico máis de 12,4 millóns de euros.

Nesta liña, cómpre destacar que a media de facturación dos socios destas entidades nos últimos cinco anos superou os 170 millóns de euros, uns datos que se pretenden mellorar coa convocatoria de 2025 reforzando así o traballo destas organizacións.